

paradela

A Banda de Música local celebrará o seu 150 aniversario o día 26 de novembro. **Páx. 12**

láncara

As obras da prolongación da variante ferroviaria comezarán no 2024. **Páx. 14**

o incio

Estréase un documental sobre a historia do médico dos pobres do Incio. **Páx. 16**

o páramo

O PSOE critica que non se cumpren as promesas feitas en campaña electoral. **Páx. 17**

samos

A nova praza da vila podería levar o nome de Vergara Vilariño. **Páx. 19**

As contas do matadoiro

Os grupos municipais piden a documentación e o desglose da contabilidade do servizo para saber como é a situación real



Gómez Besteiro liderará o PSOE Galego

Foi o único que presentou o mínimo de avais necesarios para ser candidato. **Páx. 10**

Un lugar para a cultura e a aprendizaxe

Álex González é o responsable do Club de Lectura Oribio do CEIP de Triacastela. **Páx. 18**

Os Petapouco



José Luis García é profesor na Escola de Música e promotor do grupo. **Páx. 4**

María José Silvar, Sés



É a gañadora do XXI Premio Ramón Piñeiro Facer País de Láncara. **Páx. 14**

Ruta 4x4



A nova edición desta cita deportiva será do 17 ao 19 de novembro. **Páx. 23**

A Deputación presenta os orzamentos

Ascenderán a 116 millóns de euros, un 5% máis que os que están en vigor este ano. **Páx. 21**

CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MEIRA

CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL

ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³

CUCHILLA MAÍZ CORISTANCO

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA

www.corbarsil.com

RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!

Trituradoras SERRAT GAMA AGRÍCOLA, FORESTAL, SUELO, CABEZALES, ESPACIOS VERDES, BIOMASA

INNOVACION, COMPROMISO Y GARANTIA

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsil.com

SARRIA

A aldea de Perros estrea un mural de Eva Mena



A artista Eva Mena deseñou un mural para as paredes dun cuberto situado no lugar de Perros, na parroquia sarriá de Santo Estevo de Calvor, que representa a varias mulleres vestidas co traxe típico rexional galego e que pretende homenaxear a todas as mulleres do rural de Galicia.

A pretensión do Concello de Sarria é que varias muralistas

realicen ao longo do presente mandato diferentes murais exteriores en puntos do Camiño Francés ao seu paso por Sarria, seguindo en todos eles o fío argumental de homenaxear á muller rural galega.

Esta obra está situada nun alpendre propiedade da veciña Josefa López Somoza que o cedeu para este labor.

Volve o Club de Lectura

Volve a poñerse en marcha o Club de Lectura de Sarria da man do concelleiro de Acción Cultural, César No, quen anima a todas as persoas interesadas a participar nesta nova edición.

Así, poderán participar todas as persoas interesadas, adultos e adolescentes, nunha iniciativa na que cada quince días se tratarán temas como a lectura e diversos valores e temáticas que se abordarán na lectura das diferentes obras.

A biblioteca Camilo Gonsar de Sarria será o punto de encontro das persoas que participen do Club de Lectura a partir de finais de outubro, data que se establece co fin de deixar tempo ás persoas interesadas para apuntarse, co seu nome e apelidos e a súa idade, enviando un correo ao enderezo cultura@sarria.gal. A intención é que se apunten cantas máis persoas, mellor, co fin de crear dous grupos, un de adultos e outro de adolescentes.

Os populares din que seguen á espera das contas do matadoiro

Os populares de Sarria critican que seguen á espera de que se lles faciliten as contas do Matadoiro Municipal, "algo que se lles nega, mentres o alcalde intenta desviar a atención facendo o *paripé* con tacos de documentación pero sen os datos que realmente importan para avanzar na investigación", sosteñen. Así, denuncian que a actitude do alcalde "parece unha toma de pelo para a veciñanza nunha situación na que xa estamos a falar dun burato de 200.000 euros". Por isto, dende o Grupo Municipal Popular "pedimos seriedade e rigor con este asunto, xa que paseando os papeis dun lado a outro e sacando fotos con eles non vai aclarar nada. Que deixe de teatralizar e comece dunha vez a clarificar as contas".

Na Comisión de Investigación, os populares pediron que se desglosase o importe que falta, pero tampouco se accedeu a esta petición, polo que reiteraron a solicitude da contabilidade do servizo. Desta maneira, din que "hai mais dun mes que se pediu de forma oficial datos básicos sobre as contas do servizo durante os últimos catro anos" e din que aínda non se llos deron.

ACLARAR O ASUNTO. Carmen López, voceira do PP de Sarria sostén que desde o grupo político queren os datos dos gastos e ingresos de forma detallada, "non é nada extraordinario, son



datos que o Concello ten no seu poder e debe ser o punto de partida de calquera procedemento encamiñado a clarificar a situación", explica.

Sostén, ademais, que "é imposible chegar ao fondo do asunto se nin sequera se nos dan os datos dos ingresos por especie para poder confrontalos cos datos de sacrificio que se aporten no seu momento pola administración sanitaria".

Por último, avisan de que "tarde ou cedo imos acceder a información, por moitos obstáculos que se nos poñan, pero é incomprendible que nos vaian a obrigar a facelo a través do xulgado, mentres alardea nos medios de transparencia", conclúen.

BNG. Desde o BNG de Sarria defenden que confían no labor que están a facer os funcionarios que están na comisión de investiga-

ción sobre a situación económica do matadoiro municipal, que xa tivo a súa primeira reunión. Nesta primeira reunión, descubriuse que foron 27.518,06 euros os que as arcas municipais deixaron de ingresar nos cinco primeiros meses do ano 2019, polo que dende o BNG piden que se investiguen as causas.

"Nós seguimos pedindo é que se resolva o problema, que consiste en saber como chegou un burato desa contía de diñeiro público ás arcas municipais", explican. Así, sosteñen que "é un tema moi serio que se ten que solucionar, explicando as causas para saber que fallou e quen falta por pagar".

Así, din que "algo así non se pode repetir, e para iso hai que saber que controis fallaron", polo que esperan que as seguintes reunións da comisión da investigación "arroxe luz e permita sacar conclusións".

**PREFABRICADOS
Y HIERROS
TOURÓN**

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



**NUEVO
SERVICIO:
PLANTA DE
HORMIGÓN**



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

**Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34

27614 Sarria - Lugo

Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501

Móvil: 629 802 700 - 629 817 933

email: hierrostouron@gmail.com

Sarria contará con 18 cámaras para regular e controlar o tráfico na vila

O novo sistema de tráfico de Sarria incluíra 18 cámaras de tráfico para mellorar a circulación e a seguridade vial na vila, instaladas polo Concello de Sarria a través dun proxecto aprobado hai case un ano e que conta cun orzamento de 129.954 euros.

Esta actuación comezará a desenvolverse a partir da semana que vén despois de aprobar unhas modificacións que faltaban por definir na última xunta de goberno.

Así, as cámaras incluírán un sistema de lectura de matrículas de vehículos en distintos accesos e saídas do casco urbano e cámaras de vídeoexilancia nas principais interseccións para informar sobre a condición de tráfico en cada un dos puntos onde están instaladas as cámaras.



O control en directo e diferido das imaxes será traballo da Policía Local de Sarria desde o centro de control da súa sede para analizar os movementos por un área de ata seis metros de ancho desde o lugar no que se atopa cada unha das cámaras,

que estarán fixadas en farois. O concelleiro de Seguridade Cidadá no Concello de Sarria valora positivamente este novo sistema de tráfico, defendendo que “será un avance importante en materia de seguridade”.

O PP denuncia o estado do Chanto e esixen unha solución



Os populares urxen ao Goberno local a elaborar e executar un proxecto de recuperación integral da zona do Chanto co que “dar unha solución definitiva ás súas numerosas deficiencias”.

Os concelleiros do grupo municipal popular inciden neste asunto atendendo ás demandas dos veciños polo seu “alarmante estado de abandono” e a que “xa existe un acordo plenario adoptado, a instancias do Grupo do PP, no

mandato anterior ao que, incomprendiblemente, non se lle dá cumprimento”.

A voceira do PP explica que “non só non se acometeu ningunha acción orientada á mellora, senón que hai arredor de dous anos, a situación empeorou notablemente, producíndose un deterioro que afecta á propia posibilidade de uso e disfrute desta zona fluvial, que mostra unha imaxe cada vez máis decadente e descoñecida”.

A AXENDA DO MES DE NOVEMBRO

BURIL. O Buril volve a organizar diversas actividades no seu local durante este mes. Así o día 16 de novembro, chegará a Sarria Birds are Indie, un Grupo de Pop'n'roll que vén desde Coímbra, Portugal. Pola súa parte, o sábado 18 de novembro, Mr Golliath actuará no Buril despois de vir desde Madrid, mentres que o domingo 19 será a quenda de Sergio Pazos, o mítico Pasapallas de Pratos Combinados, que fará un monólogo de humor. Por último, o venres 24 terá lugar o concerto de Skanderani e o sábado 25 será Lelly Kelly's quen veña desde o Morrazo para facer tremar ao público, acompañada de Barbansónicos, que veñen desde o Barbanza.

REBULDEIRA TEATRO. O programa teatral de novembro de Sarria, desenvolvido e organizado pola Asociación Rebuldeira Teatro en colaboración co Concello de Sarria, inclúe varias actividades culturais para todos os públicos que contan coa colaboración da Deputación de Lugo e da Xunta de Galicia. Así, o 12 de novembro Farándula Velutina actuará en Sarria coa súa obra 'A derradeira bala' ás 20.00 horas, mentres que Rebuldeira Teatro, organizador deste ciclo de teatro, representará 'Cita previa' o 19, tamén ás 20.00 horas. Por último, o día 26 de novembro Gargallada Teatro representará 'Crónica dun pobo', rematando as actividades teatrais de outubro-novembro.

AUTODEFENSA. Os vindeiros 28 e 30 de novembro impartirase un curso de autodefensa para mulleres ante situacións violentas no pavillón municipal José Mario González (O Chanto). As clases, que se encadran no marco do 25N, estarán monitoradas por especialistas en defensa persoal da Federación Galega de Loita e pertencentes ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado. As mulleres interesadas en inscribirse e aprender a defenderse nunha situación de perigo, poden chamar ao teléfono 982 535 000 ou enviar un correo electrónico ao enderezo cim@sarria.gal para participar desta actividade.

As Xornadas Micolóxicas, da Asociación A Muiñeira, serán do 17 ao 21 de novembro

A Asociación Micolóxica A Muiñeira de Sarria organiza o vindeiro 17, 19, 20 e 21 de novembro unhas xornadas micolóxicas no municipio.

Así, comezarán ás xornadas o venres 17 ás 20.00 horas na Casa da Cultura de Sarria, onde haberá unha conferencia de introdución á micoloxía a cargo de José Folgueiras López.

Xa o 18 de novembro terá lugar unha identificación e recollida de cogomelos en carballeiras e soutos a partir das 09.30 horas da mañá,

dirixida por Miguel Raposo Díaz. Pola súa parte, o día 19 terá lugar unha nova sesión de identificación e recollida de cogomelos en piñeirais a partir das 09.30 horas da man de José Folgueiras López e cunha comida no restaurante Ateño, no Oural.

Por último, os días 20 e 21 de novembro haberá unha exposición aberta ao público na Casa da Cultura sobre os motivos recollidos durante as xornadas polas persoas participantes que se poderá visitar de maneira gratuítas.



AUDÍFONOS SIEMENS

DISCRETOS, VERSÁTILES, CON PILAS O RECARGABLES



Audio Sarria

CENTROS AUDITIVOS

Nº de Registro Sanitario: E-27000398





OFRECEMOS LA REHABILITACIÓN AUDITIVA QUE MEJOR SE AJUSTA A TUS NECESIDADES

PRUEBA DE AUDÍFONOS SIN COMPROMISO DE COMPRA

PIDE TU CITA EN: 982 531 191 / 669 548 976

C/ Matías López, 63-bajo | 27600 - SARRIA (Lugo) | audiosarria@gmail.com



ASESORAMIENTO ENERXÉTICO A PARTICULARES E EMPRESAS PARA MAXIMIZAR O AFORRO NAS FACTURAS DE LUZ E GAS

Axudámosche a optimizar as túas facturas de enerxía?

Escanea este código QR e envíanos a túa factura de luz/gas para facerche unha comparativa de aforro personalizada:



Entra e infórmate!

982 876 681

sarria@xenera.com



XENERA

COMPAÑÍA ELÉCTRICA

A principal comercializadora de enerxía 100% galega. Concedida de 120 anos de historia.

GESA ENERGÍA Colaborador Oficial de XENERA

Sarria beneficiarase do Plan de mellora da eficiencia do ciclo da auga

Sarria vén de beneficiarse dos fondos europeos correspondentes ao Plan de proxectos de mellora da eficiencia do ciclo da auga (Perte da dixitalización da auga).

Este proxecto impulsa o uso de novas tecnoloxías no ciclo integral da auga, o que permitirá melloras na súa xestión, aumentar a súa eficiencia e reducir perdas nas redes de subministración, entre outros.

‘Ante a inminencia’ é a nova mostra de Rubén Santiago

O sarriao Rubén Santiago expoñerá a súa mostra ‘Ante a Inminencia’ o vindeiro 19 de xaneiro na Coruña, unha iniciativa organizada pola universidade da Coruña co apoio do Museo Arqueolóxico.

A iniciativa do sarriao, que forma parte da Asociación Huhu, recolle a memoria do seu tío avó, un veciño de Paradela que foi preso político no Castelo de Santo Antón en 1936, que agora é sede do Museo Arqueolóxico desde 1968.

Co proxecto ‘Ante a inminencia’, Rubén Santiago referencia “inminencias” ecolóxicas e de supremacía social, propoñendo un enfoque transversal e propiciando a converxencia de narrativas locais nos niveis xeográfico, histórico e subxectivo da cidade da Coruña.

Santiago leva a cabo unha transferencia, tanto metafórica como física, desas dimensións internas, que se ven traspasadas ao ámbito público e ao espazo común da sala expositiva.

“Nas actuacións en directo apréndese moito e todo é máis divertido”

José Luis García é profesor na Escola Municipal de Música e promotor do grupo de música Os Petapouco

Este ano, José Luís García comeza o seu 11º curso como profesor de percusión na Escola Municipal de Música de Sarria, xa que rematou os seus estudos no Conservatorio no 2012 e, un ano despois, comezou a traballar xa na Escola sarriá. Así, dá clases de percusión a persoas de todas as idades, desde nenos de 5 anos ata adultos.

Como xorde a idea do grupo?

Damos clases individuais de 40 minutos por alumno e sempre queda unha parte da percusión que non se explora que é tocar en conxunto. Isto é necesario e forma parte da formación do alumnado e é unha forma de enriquecer e coñecer a variedade total dos instrumentos. Por iso, decidín promover este grupo de nenos e nenas interesados en practicar tamén esta parte da vida musical.

Por quen está formada?

Os Petapouco son un grupo de persoas que xa levan un tempo comigo en clases de percusión e xa teñen certa idade e ensaiamos ás 20.00 horas os mércores, falei a principio de curso cos pais e os pequenos e hai algúns que entraron e outros que non. Os Petapouco está formado por Xabi Cabada, Dani Pan, Mario Cantalapedra, Antón Quintana, Breogán Rodríguez e este ano uniuse unha rapaciña máis, Mencía Pombo; todos eles entre os 10 e os 16 anos. Esta é a segunda remesa dos Petapouco e queremos conseguir que se una máis xente da escola, aínda que estamos abertos a que participen persoas de fóra da Escola pero que tiveran algún tipo de ligazón con ela.

Que instrumentos tocan?

Nos Petapouco tocamos de todo. Voulles repartindo os papeis segun-



do vexa, é dicir, todos tocan de todo pero vou repartindo os tempos ás persoas segundo vexa a dificultade ou as necesidades que teñan para que traballen máis un instrumentos que outro. Está claro que a cada un dáselle mellor un que outro, pero ao final quero que todos saiban todas a batería, o xilófono, a bimba... Aínda que un instrumento non se lle dea ben a todos, quero que todos traballen con ese instrumento por igual.

Que proxectos futuros teñen?

Aínda estamos arrancando e fixemos en xuño o primeiro concerto, que foi todo un éxito e nos gustou moito, polo que temos a idea de seguir nesa liña. Por agora, queremos facer concertos na Escola e, cara ao final do curso, saír á rúa de novo e facer un concerto diante dos veciños. Canto máis poidan tocar os alumnos, mellor. Está ben ensinar e ensaiar, pero na actuación en directo apréndese máis e é máis divertido.

Están abertos a colaborar con ou-

tras entidades?

Non estamos pechados a colaborar con outras entidades, como Rúa da Música, por exemplo, pero queremos darlle visibilidade á Escola e ao traballo que se fai nela. Queremos darlle un nome á escola, representar a actividade que se fai nela, que é moi importante. E, por outra banda, tamén queremos dar a coñecer a familia da percusión que moitas veces é descoñecida. Todo o mundo coñece a batería, pero nós presentamos os instrumentos de láminas, que son o xilófono, a lira, a marimba e o vibráfono. Así, presentamos o que o posible alumnado podería facer na escola, presentándoa así a futuros alumnos que quixeran cursar percusión na escola. Ademais, queremos fomentar que o alumnado da Escola que queira, poida acceder ao grao profesional de música que se estuda en Lugo ou Monforte, polo que o grupo Os Petapouco posibilita que o alumno vaia preparado para afrontar

eses instrumentos, tocando en grupo, como se fose unha banda, que é algo imprescindible.

Que tipo de repertorio?

Como estamos centrados en futuros estudos, intento tocar todas as ramas da percusión, entón interpretamos obras máis clásicas, utilizando instrumentos que se colocan ao final da Banda Música, como poden ser a caixa, os pratos... Tamén interpretamos percusión corporal para que lles sirva como actividade para mellorar a psicomotricidade, e así tamén descubren que a percusión non é só tocar un instrumento, senón que se pode facer percusión con outras cousas. Así, interpretamos a obra ‘La cocina’ con utensilios da casa, unha experiencia que lles encantou, xa que se divirten. E tamén facemos teatro a través de popurrí de cancións e obras, como a obra de Michael Jackson que imos montar este ano, a da Familia Adams tamén... e máis cousas que serán sorpresa.

ALBORADA
CLÍNICA VETERINARIA

- MEDICINA PREVENTIVA
- MEDICINA GENERAL
- CIRURXÍA TEJIDOS BLANDOS
- PELUQUERÍA
- TIENDA ESPECIALIZADA
- LABORATORIO
- DIAGNOSTICO POR IMAGEN

y mucho+

URGENCIAS 24H
646 046 954

WWW.CVALBORADA.COM · 982 53 36 59
Rúa Caneiro, 1-3, baixo · 27600 · Sarria · Lugo

DESEÑOS A MEDIDA

DAMOS FORMA A ESE PROXECTO ESPECIAL

Muebles Celeiro

MÁIS DE 30 ANOS O SEU SERVIZO
Vilapedre 27614 (Ctra. Lu546, km16) Sarria - Lugo
Tel.: 982 532 451 - 625 662 962
www.mueblesceleiro.com /
mueblesceleiro@gmail.com



MOVIMIENTOS DE TIERRA Y EXCAVACIONES
 Venta de aridos: zahorra, piedra, grava, arena

José Luis MATANZA 657 982 987
 SARRIA (LUGO)

Mulleres de Raíz acusa ao Concello de “irresponsable”

A Asociación Mulleres de Raíz convocou unha concentración na praza da Vila de Sarria para condenar publicamente a agresión sexual en grupo que se produciu na vila e que tamén foi condenada polos membros da corporación municipal.

Decenas de persoas achegáronse ata a concentración para mostrar o seu rexeitamento cara a este suceso e así mostrar o seu apoio á vítima, preguntándose, como lema da concentración, “Que cona pasa en Sarria”.

As Mulleres de Raíz sosteñen que o Concello, ou a Corporación Municipal, “prefire gastar nas orquestras das festas; unha corporación municipal e unha responsable de área irresponsables e que miran cara a outro lado sen actuar, cando o CIM da localidade, leva máis dun ano traballando só cunha persoa, a psicóloga, e sen avogada”, explican.

Así, demandan a todas as entidades responsables que fomenten unha mellora da vida das mulleres e, en concreto, piden á Xunta a creación do servizo Oficina de Asistencia á Vítimas de Delitos Violentos e en contra á Liberdade Sexual en Sarria.

Tamén piden ampliar e reformular os CIMM, Centros de Información Municipais ás Mulleres, “implementando as competencias propias e incluíndo a atención ás vítimas de agresións sexuais, garantindo o financiamento, persoal e formación suficiente, así como a ampliación do servizo nos concellos, vital en Sarria”. Por último, esixen ao Concello e á responsable da Área da Muller que “se deixen de re-vitimizar ás vítimas e que non sexan cómplices da violencia machista, implementando as medidas de concienciación da problemática de violencia de xénero na Vila”.



Adhesión ao Sistema Viogén

O Grupo Municipal Popular defendeu no pasado Pleno unha iniciativa para que o goberno local iniciase os trámites correspondentes para levar cabo as accións para materializar a adhesión do Concello de Sarria ao Sistema de Seguimento Integral nos casos de Violencia de Xénero (Sistema Viogén).

Así, esta moción foi favorable polo PSOE, PP e BNG ante a negativa de Camiña Sarria.

Os populares explican que o Sistema Viogén permite o seguimento e protección rápida, integral e eficaz das mulleres maltratadas e dos seus fillos e fillas, e iso en base a un sistema de información que facilita o intercambio de datos entre as entidades implicadas e, polo tanto, a adopción dunha resposta coordinada aos casos de violencia de xénero para previr, protexer e asistir ás vítimas, así como detectar e perseguir aos

agresores.

Ademais, comentan que os seus obxectivos son reunir as distintas institucións públicas que teñen competencias en materia de violencia de xénero, integrar toda a información de interese que se considere necesaria, facer predición de risco e, en función do nivel, vixiar e protexer ás vítimas en todo o territorio nacional, e realizar labores preventivos, emitindo avisos, alertas e alarmas, a través do “Subsistema de Notificacións Automatizadas”, cando se detecte algunha incidencia ou suceso que poida pór en perigo a integridade da vítima.

Por todo isto, xa son 49 os concellos de Galicia que están adheridos a este sistema que, desde a súa implantación, brinda protección a máis de 37.000 mulleres, polo que desde o PP de Sarria ven necesario que tamén o municipio estea adherido a este sistema.

Os veciños piden melloras para o centro de saúde



Decenas de persoas achegáronse ata o centro de saúde de Sarria para protestar pola situación que está a vivir Sarria en canto á sanidade e para defender a atención primaria e o dereito a unha sanidade pública e de calidade.

Na concentración, convocada polo BNG de Sarria, estivo tamén Carme Aira, portavoz do BNG do Incio e representante nacionalista no Parlamento Galego; ademais doutras autoridades, que apoiaron aos veciños e veciñas sarriaos.

Sarria só ten en activo tres médicos

en quenda de mañá dos oito que forman parte do cadro de persoal debido a que cinco dos profesionais sanitarios non están dispoñibles por traslados vacacións ou baixas laborais, e a Xunta de Galicia non cobre esas baixas de persoal médico.

Por esta razón, desde o BNG sostiveron que “Sarria non pode estar nesta situación, xa que pon en risco a saúde dos máis vulnerables e por iso rexistramos unha moción en defensa da atención primaria para demandar á Xunta que cubra con urxencia as prazas do centro de Saúde”.

Novas incorporacións á Rede de Alumnado Axudante do IES Xograr Afonso Gómez

Seis alumnos do IES Xograr Afonso Gómez foron elixidos polos seus compañeiros de curso para incorporarse á Rede de Alumnado Axudante do centro.

As novas incorporacións son Helena, María, Héctor, María, Alba e Lucía de 1º ESO. A rede de alumnos axudantes conta na actualidade con 22 alumnos e alumnas de 1º, 2º, 3º e 4º da ESO que ofrecen a súa colaboración para tentar axudar nas diversas

problemáticas de todo o alumnado do centro.

Todo o alumnado de 1º e 2º da ESO realizou un obradoiro sobre Convivencia e Benestar Emocional, e o alumnado elixido, xunto co resto da Rede de Alumnado Axudante, completou a súa formación na que aprenderon como actuar e ofrecer a súa axuda aos compañeiros que encontren dificultades na súa integración ou problemas de convivencia.



CREADOS

- PSICOPEDAGOGIA
- EVALUACIONES PSICOPEDAGÓGICAS
- LOGOPEDIA Y LENGUAJE
- PSICOLOGÍA Y PSICOTERAPIA
- ATENCIÓN TEMPRANA (0-6 AÑOS)
- ESTIMULACIÓN PRECOZ (2-3 AÑOS)
- REFUERZO EDUCATIVO ESPECIALIZADO
- ESTRATEGIAS Y TÉCNICAS DE ESTUDIO

¡Informate sin compromiso!

Calvo Sotelo, 183 Bajo
 27600 Sarria (LUGO)
 626 21 86 28

ESO

INFANTIL PRIMARIA



STIHL

Ferretería Sarria

Pedro Saco 33, Sarria. Telf. 982 532 202

TEMPORADA PRIMAVERA 2023

PREPARA TU JARDÍN CON LAS MEJORES OFERTAS

O PP pide transparencia sobre un crédito bancario dun millón de euros

O Grupo Municipal Popular de Sarria vén de solicitar acceso ao expediente completo en relación á concertación dunha operación de crédito a curto prazo por valor de 1 millón de euros que o goberno local aprobou na xunta de goberno do pasado 11 de outubro.

Carmen López, voceira popular, especifica que “só temos coñecemento desta decisión do goberno de Camiña Sarria pola prensa”, polo que “queremos coñecer todos os detalles deste novo crédito bancario en relación á renovación das instalacións de alumeadado público de Sarria”.

A popular xa ten advertido sobre o endebedamento do Concello por parte deste goberno

presidido por Claudio Garrido e segundo os datos do Ministerio de Hacienda, Sarria é o segundo municipio da provincia que máis aumentou a súa débeda nun ano. De feito, a maior parte da débeda actual do Concello de Sarria débese á operación de crédito no ano 2022 por importe de 991.900 euros.

Os populares sinalan que “esta nova operación chega despois do crédito de medio millón de euros aprobado recentemente en pleno grazas ao apoio necesario do BNG ao grupo de Camiña Sarria, que goberna en minoría”. Dende o Grupo Municipal Popular aseguran que “testaremos moi pendentes da xestión económica do goberno no Concello de Sarria”.

‘Unha casa onde vivir’ de Inma Núñez foi o gañador do Fiz Vergara

A vixésimo terceira edición do premio Fiz Vergara Vilarinho do Concello de Sarria premiou a Inmaculada Núñez Núñez pola súa obra ‘Unha casa onde vivir’, elixido polo xurado, composto por Eduardo Estévez, Marga do Val e Jesús Castro.

Pola súa parte, a presidenta da Asociación Ergueitas, María Casar Díaz actuou como secretaria e o concelleiro de Cultura, César No, foi o presidente da mesa do xurado.

O xurado destacou así a calidade das obras presentadas, pero decidiron por unanimidade que a obra gañadora fora a de Inmaculada



Núñez Núñez, por ser un poemario optimista que transmite coñecemento real e imaxinario que trata con emoción un reencontro co territorio.

Así, a autora na súa obra, constrúe unha serie de poemas que afondan en temas como a conciencia de clase e da política, integrada na vida diaria.

O Goberno instará á Xunta a que se retomen as visitas na Fortaleza

O Goberno local de Sarria vén de solicitar a recuperación do acceso para que os cidadáns poidan visitar a Fortaleza de Sarria, tamén coñecida como Torre dos Batallón.

Así, sosteñen que é un Ben de Interese Cultural, denominado así en 1994, e que se atopa na ruta principal do Camiño Francés que pasa por Sarria, polo que lle pedirán á Consellería de Cultura da Xunta, a través dunha moción que presentarán no vindeiro pleno, “a recuperación deste servizo obrigatorio”.

Desde Camiña Sarria denuncian que “non se están levando a cabo as visitas, a pesar de ser un atractivo demandado pola veciñanza e polos peregrinos que pasan pola Oficina de Turismo de Sarria”.




Ademais, explican que os propietarios do monumento teñen a obriga de permitir visitas públicas un mínimo de catro días ao mes e, nestas, facelas durante catro horas ao día, polo que reclaman á Xunta o cumprimento desta

medida. Ademais, tamén presentarán na moción unha solicitude para pedir que se reconstrúa e rehabilite o peche da Finca do Batallón, que precisa da autorización da Dirección de Patrimonio Cultural.

CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS CON DISCAPACIDADE



O Centro de Atención a Persoas con Discapacidade (CAPD) de Sarria celebrou o seu XXIX aniversario cunha xornada festiva na que tiveron un especial protagonismo os residentes e as súas familias. Os usuarios actuaron na gala musical “Ti si que vales”, desfrutaron do espectáculo de maxia de Samuel Moreno, e pola tarde seguiron a festa coa música de DJ Tibu. Ademais, instaláronse senllas exposicións con traballos elaborados por eles e fotografías de actividades e excursións realizadas no último ano.



REVESTIMIENTOS FONTAL

INTERIORES Y EXTERIORES EN YESO, MORTERO Y MONOCAPA • PLADUR Y REFORMAS

Plaza de Galicia, 6-8 SARRIA (Lugo)
Tel.: 982 532 571 / Móvil: 629 924 572



ATENCIÓN FAMILIAR
SOMOS ESPECIALISTAS EN CARNE FRESCA, CO CORTE AO GUSTO DO CLIENTE
DESCUBRE O NOSO EMBUTIDO DE A FONSAGRADA



HORARIOS DE LUNS A VENRES
De 09:30 a 14:00 e de 16:30 a 21:00
SÁBADOS
De 09:30 a 14:00 e de 16:30 a 20:30
DOMINGOS E FESTIVOS
De 10:30 a 14:00.

RÚA DIEGO PAZOS 47, SARRIA
www.facendafarruquino.gal



SARRIA, unha comarca con sabor



Pontenova
mesón restaurante

Amplia terraza de verano
Servicio de catering
Comida casera
Especialidad en carnes a la parrilla y caza

Tel.: 982 546 003

Catering_meson_a_pontenova
 Meson pontenova



RIO LOYO Restaurante



982 535 334
697 491 756
Calvo Sotelo, 124
27600 SARRIA
(Lugo)

**A Pulperia
do Luis**



**Mesón
do Castro**



Domingo noche / lunes cerrado
Amplia terraza de verano
Comida para llevar

Reservas
Cimo de Agra, s/n - Sarria / Telf. 982 041 697



HOTEL A VEIGA

Calle Compostela 61
Samos - Lugo
Reservas: 982 546 052
www.hotelaveiga.es

- PRODUCTOS ECOLÓGICOS, HUERTO PROPIO
- TERNERA GALLEGA SUPREMA
- ASADOS EN HORNO DE LEÑA
- ESPECIALIDAD EN CARNES A LA BRASA

RESERVAS:
Telf. 982 546 063



A Fervenza
CASA GRANDE & RESTAURANTE

Tel.: 982 15 16 10 - info@fervenza.com

Abiertos todos los días, carta elaborada con productos de proximidad
Eventos y reuniones



O MIRALLOS

Comida Casera
Cocidos por encargo
Pollos camperos caseros
(por encarga)

Mirallos 1, Paradela
RESERVAS:
TEL.: 639 010 696

“A automatización viunos ben para facer o traballo máis sinxelo”

Carlos Fontal, xefe e promotor da empresa Revestimentos Fontal

Como nace a iniciativa de crear esta empresa?

Revestimentos Fontal creouse hai 31 anos porque eu, antes, traballaba para unha empresa do mesmo sector e despois de tres anos, un compañeiro e eu vimos que había moita demanda, a suficiente como para poder poñer en marcha un negocio pola nosa conta. Así, montamos unha sociedade os dous, pero despois de seis anos, o compañeiro deixou o negocio e quedei eu só, que sigo con isto ata o día de hoxe. Agora somos 2 ou 3, depende da tempada, xa que hai momentos nos que hai moito traballo e hai momentos nos que non. Ultimamente si que é verdade que temos moito traballo, na construción estamos na mellor época para sacar rendemento. Pero tamén temos moito traballo porque a xente que nos contrata non atopa outra xente, polo que nos contrata a nós, o que está ben, pero tampouco estamos moi contentos coa situación, porque é verdade que non hai xente para traballar

disto. Como é o traballo do día a día?

Nós traballamos de 9.00 a 13.00 e de 15.00 a 19.00 horas, oito horas nas que imos ás obras das reformas, xa sexan de piso ou de casa, e facemos os revestimentos, que poden ser de xeso, de mor-

“Adaptámonos ao deseño que nos piden os nosos clientes e os materiais que utilizamos veñen coa mellor garantía”

teiro ou de cartón xeso (*pladur*). Movémonos, sobre todo, por Sarria e a súa comarca, pero tamén por algúns concellos da provincia de Lugo. Por exemplo, durante os anos 90 participamos de grandes obras en vivendas sociais que se levaron a cabo. Agora, por exemplo, fixemos obra na Ponte Vella

de Sarria, na Pobra de San Xiao de Láncara, en Quiroga...

Como era o traballo antes e como é agora?

Antes, o traballo era máis duro. Viña o material en sacos grandes e pesados e había que cargalo en peso para poñelos en palés desde os camións, era un traballo duro. Agora, vén o camiión e o material descárgase directamente nunha máquina de proxección para aplicalo directamente no morteiro, polo que non tes que cargar sacos. A automatización viunos ben para facer o traballo de forma máis sinxela, para tardar menos tempo en facer o traballo e, sobre todo, para nos sobrecargar as costas con pesos. Hoxe en día, o posto de traballo na construción é moito máis cómodo que antes e aínda así non hai xente que queira ir á obra.

Cre que morre a profesión?

Si, creo que morre a profesión porque non hai relevo xeracional nin motivación para que as novas xeracións teñan ganas de traballar disto. A única opción que hai



é que veña xente de fóra e cambie isto, dalgunha maneira solucionarán o problema.

Que tipo de ferramentas usan?

Usamos todo tipo de ferramentas: trades, máquinas de proxección trifásicas con grupos de corrente... Se traballamos en fachadas, ademais, usamos un elevador.

Como é a relación cos clientes?

A relación cos clientes é moi boa. A maioría dos nosos clientes son

habituais e fieis e repiten, pero tamén fálannos de nós a outras persoas que logo nos contratan. Pode ser porque falamos de todo con eles, a comunicación é fluída, adaptámonos ao deseño que nos piden e os materiais que utilizamos veñen con garantía, polo que nos teñen problemas. Ademais, eles, se queren opinar e saben do tema, poden elixir que tipo de materiais utilizar ou de que forma facelo.

A Cruz Vermella recoñece o labor da SD Sarriana na gala anual

Cruz Vermella de Sarria dedica a súa gala anual, a 21ª edición da Irmandade, ao equipo da localidade, a SD Sarriana como unha distinción e recoñecemento do compromiso e solidariedade que esta entidade deportiva vén mantendo coa comarca de Sarria.

A SD Sarriana leva anos colaborando e poñendo en marcha iniciativas para fomentar o deporte e axudar a aquelas persoas mais esquecidas, coas que traballa a Cruz Vermella de Sarria. “Énchenos de orgullo esta distinción”, defenden desde o equipo de fútbol do municipio.

Dous centros escolares participarán nunha liga sobre ciberseguridade

Alumnos de 4º de ESO do centro de IES Gregorio Fernández de Sarria e do CPR Plurilingüe Nuestra Señora de la Asunción participarán neste curso na modalidade preamateur da V Ciberliga 2023, unha actividade teórico-práctica de formación en ciberseguridade e en prol dun exerci-

cio responsable da cidadanía dixital. Será o Instituto Nacional de Ciberseguridade o que desenvolva a actividade ao longo do primeiro trimestre do curso 2023-2024, con dúas fases clasificatorias. A primeira delas, a nivel galego, consistirá nunha formación en *streaming* dunha hora de

duración á que seguirá un ciber-reto nun espazo virtual seguro no que participará o alumnado en grupos de tres ou catro. Neste ciber-reto terán a oportunidade de poñer en práctica os coñecementos de ciberseguridade aprendidos na sesión anterior.

• Embutido artesano sin aditivos químicos ni alérgenos.
• Curación natural con leña de roble (Chorizo, salchichón, lomo, botelo, caçohola, panseta, espinazo, lacón, uñas, rabo).
• Servicio de envíos a domicilio a toda España.
• Venta en las propias instalaciones.

Cancelo 17 - Tlf: 636 657 415

Se hacen cestas regalo para Navidad, para empresas y particulares

CLASES IMPARTIDAS POR UN:
Multimedallista nacional
Bicampeon de España absoluto
Bronce Europeo 2019
Campeón de Europa por equipos en 2021
Mundialista en 3 ocasiones, 2018, 2022 y 2023

Escuela de
TAEKWONDO
SARRIA

MEJORA DE CONDICIÓN FÍSICA
AMISTAD TRABAJO EN EQUIPO DISCIPLINA
CONFIANZA AMBICIÓN HUMILDAD RESPETO

@AC_TAEKWONDO AC TAEKWONDO 664 765 985

O Máster Sarria Fútbolín acolleu centos de participantes

A XI edición de Máster Sarria Fútbolín, promovida por LNF Sarria Fútbolín e co apoio da Liga Nacional de Fútbolín e a Xunta de Galicia foi todo un éxito de participación, segundo explica Jony, organizador do evento.

Este campionato deixou como gañadores da categoría movemento á parella de Tomás e Jandro, mentres que os segundos foron Iván e Barciela e os terceiros Milo e Sergio. Por outra parte, o Máster reuniu no pavillón Instituto da localidade a 124 parellas que participaron na categoría movemento e 105 parellas que participaron na categoría parado.

“Estamos moi contentos porque batemos récord de participación.



Cada ano vén máis xente a pesar do prexuízo que supón o desprazamento e a cuestión económica, xa que o 80% dos participantes son de fóra de Sarria”, explicou Jony.

Ademais, houbo moita xente que se achegou tamén para botar un ollo e botar algunha partida fóra da competición, o que fixo que a fin de semana estivera repleta de persoas todo o tempo.

Comezou o obradoiro de emprego ‘Sarria Camiño de Santiago IV’

O obradoiro de emprego Camiño de Santiago de Sarria, impulsado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, da comezo na súa terceira edición e estenderá a súa formación ó longo dun ano.

Esta actividade está dirixida a 20 persoas desempregadas que se formarán nas especialidades de Pavimentos e albanería de urbanización e instalación de elementos de carpintería.

Dende o Concello sinalan que os talleres “deixan unha pegada importante nos concellos nos que se desenvolven, xa que realizan obras e prestan servizos moi importantes a nivel local. No caso de Sarria, as actuacións



propostas nesta edición son a rehabilitación dos casetos do polbo, a pavimentación do tra-

mo peonil contiguo e a reconstrución dos muros de cachotería da zona”.

Comezan as actividades de igualdade no Frei Luís de Granada



A Anpa do centro educativo Frei Luís de Granada anunciou que xa comezaron as actividades de igualdade no marco docente, a través de dinámicas, talleres, contacontos e máis novidades.

Así, terán lugar no centro da man dun equipo composto por educadores sociais, psicopedagogos, graduados en maxisterio e técnicos, baixo previa

supervisión dos contidos por parte dos titores, e a xefa de estudos. Ademais, o venres terán unha nova cita con contacontos e actividades na Casa da Cultura.

Por outra parte, tamén anunciaron a creación do Frei Luís Team, da man de Enrique Saa, un equipo de fútbol sala mixto que representará ao colexio nas competicións deportivas.

A Banda de Música de Sarria dará o seu primeiro concerto

A nova Banda de Música de Sarria organiza o vindeiro sábado, 18 de novembro, ás 20.00 horas o primeiro concerto para presentarse, o Concerto de Santa. Icí.

O Salón de Actos da Casa da Cultura de Sarria é o lugar elixido para acoller esta iniciativa, que non terá entrada, polo que os veciños e veciñas interesadas poderán acudir ata completar aforo.

Así, os promotores desta nova entidade social invitan a participar a todas as persoas da comarca de

Sarria a acompañalos “nos primeiros pasos da que, sen dúbida, vai a ser a súa banda”, sosteñen desde a entidade.

Por outra parte, nun afán dinamizador socio-cultural, desde a entidade din buscar involucrar á comunidade e fomentar a súa identificación coa BMCS.

“Pretendemos que o cancelo #atuabanda nos defina e sexa unha realidade palpable coa que se identifique toda a sociedade da comarca”, explican.

TE ESPERAMOS
EN TU TIENDA
OFICIAL
MASlife:

Rúa da
Liberdade, 133.
Sarria.

622 82 62 88



TU ANTIGUA
TIENDA YOIGO

AHORA
TE OFRECE
MUCHO MÁS.

MASlife

Yoigo

MÁSMÓVIL

pepephone

COMARCA

Olga Iglesias presentou o proxecto dixital 'Camino de Europa'



A alcaldesa de Triacastela e presidenta da Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño, Olga Iglesias, presentou en Santiago e deu a benvida aos participantes na presentación do proxecto 'Camino de Europa', a nova plataforma tecnolóxica que ofertará unha experiencia única de percorrido do Camiño Francés a Compostela.

O proxecto 'Camino de Europa' está participado por nove empre-

sas, concellos e asociacións das comunidades por onde pasan a principal ruta de peregrinación xacobeá. En Galicia forman parte do proxecto a Mancomunidade de Municipios Galegos do Camiño Francés e o Concello de Melide.

A iniciativa conta coa financiación do Programa de Experiencias Turismo España, polo que recibiu 1,7 millóns de euros do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Besteiro será o candidato do PSOE á Presidencia da Xunta de Galicia

O deputado socialista no Congreso pola provincia de Lugo, José Ramón Gómez Besteiro, vén de ser proclamado de maneira provisional como candidato do PSdeG-PSOE á presidencia da Xunta de Galicia ao ser o único dos aspirantes ás primarias que aporta os avais requiridos para concorrer a este proceso.

O equipo de Gómez Besteiro fixo entrega este mércores do máximo de avais permitidos, un total de 1.024 sinaturas, mentres que o precandidato Manuel Losada Fernández non pasou o corte ao non reunir o mínimo dos avais establecidos, que eran 615, equivalentes ao 6% da militancia que ten o PSOE en Galicia.

Deste xeito, a Comisión Nacional de Ética do PSdeG vén de proclamar de maneira provisional a José Ramón Gómez Besteiro como candidato á presidencia da Xunta nas próximas eleccións autonómicas. En caso de que non houbera reclamacións, a proclamación definitiva do candidato producirase transcorridas 24 ho-



ras do remato do proceso.

Besteiro agradeceu a confianza dos case 3.000 militantes que lle apoiaron: "A falta de dúas horas e media para que termine o prazo, quixen entregar persoalmente os avais, xunto con outros compañeiros e compañeiras, porque creo que é unha forma de demostrar o meu agradecemento aos preto de 3.000 militantes que me trasladaron a súa confianza". José Ramón Gómez Besteiro chegaba á sede socialista acompañado por varios militantes, onde fixo

entrega das carpetas con centos de avais -faltan os votos telemáticos- e ante os medios insistiu no "proceso enriquecedor e exemplo de democracia interna que son as Primarias do Partido Socialista que, a ninguén se lle esqueza, empezaron en Galicia en 2013".

O deputado galego declarou "sentirse abrumado" polas mostras de agarimo recibidas nas agrupacións e insistiu na confianza das e dos compañeiros "porque o aval é unha declaración pública de apoio".

Preto de 9.000 persoas utilizaron os servizos da Furgoteca

A Furgoteca, o novo servizo de bibliotecas móbiles da Xunta que desde o pasado mes de marzo percorre un total de 20 concellos rurais suma xa preto de 9.000 visitas. Desde a posta en marcha realizouse unha media mensual de máis de 1.000 préstamos. Así, ademais de ofrecer libros, películas, música, xogos e publicacións periódicas, este servizo

tamén serviu para tramitar 1.200 altas no carné e ofrecer aos usuarios conexión a internet, equipos informáticos portátiles e impresora. No caso da provincia, o servizo está en funcionamento nos concellos de Baileira, Cervantes, Folgoso do Courel, O Incio, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, As Nogais, Pedrafita do Cebreiro, Samos e Triacastela.

O PP pide á Deputación atención nas estradas que se cruzan co Camiño

O Grupo Provincial Popular solicita á Deputación un plan de medidas dirixidas a garantir a seguridade do tódolos usuarios nos puntos nos que as vías provinciais conflúen con algunha das rutas do Camiño de Santiago ao seu paso pola provincia de Lugo. Pola provincia discorren varias rutas do Camiño de Santiago

coincidindo ou cruzándose con vías de titularidade da Deputación que, na maioría dos casos, "son estreitas e carecen de marxes ou cunetas e nas que comparten espazo vehículos e peóns, maioritariamente peregrinos".

"Estas condicións, que se agravan en zonas de escasa visibilidade, supo-

ñen un perigo para os seus usuarios, tanto para viandantes coma para os vehículos que as empregan a diario", apunta Ameijide que considera aínda máis necesarias as actuacións de mellora tendo en conta que "o número de peregrinos que percorren as rutas xacobeas aumenta cada ano".

Empresa especializada en traballos verticais



REFORMAS Y LIMPIEZAS

Ramos Lourés

Rei Don Garcia 91 Bajo. 27002 Lugo
659 718 582 (24h) / 665 590 486

info@ramosloures.es / www.ramosloures.es
rylramosloures

DISPONEMOS DE TÉCNICOS CON ALTA FORMACIÓN Y EXPERIENCIA EN TRABAJOS EN ALTURA Y VERTICALES (SIN ANDAMIOS)

- Limpieza de canalones • Reparacións de bajantes
- Limpieza, pintado e hidrofugado de fachadas e patios de luces
- Traballos confinado e en altura en industria
- Ademais disponemos de servizo de desatascos 24h

“Queremos que as persoas que veñan se sintan como na súa casa”

Ramiro López é o xerente da Ferverza, situada entre O Páramo e Láncara

Por que decidiu facerse cargo do negocio?

A idea xurdiu hai cinco anos que nos fixemos cargo do negocio porque se vendía e mo ofreceron e daquela non tiña ningunha intención, pero gustoume moito o sitio, a contorna, a paisaxe... pareceume todo idílico, polo que me lancei nesta aventura, a pesar de que coincidimos co tema da Covid, que foi horroroso, xa que traballamos ao 30 % durante oito meses. Foi duro pero fomos saíndo e agora estamos contentos, cada vez mellor.

Falábame da contorna, como é?

Estamos situados no Corgo, a 3 quilómetros do centro da vila, a 22 quilómetros de Sarria, a 25 de Portomarin e a 10 de Láncara. A ferverza está situada á beira do río Miño, onde hai un muíño pequeno que data do 1700, o único natural que hai desde Meira, onde nace, e ata Portugal. Os demais son encoros artificiais. Ademais, a casa rural que forma parte da Ferverza data de 1780, polo que é un ben patrimonial do que dispoñemos e que está rodeado dun bosque enorme. Temos unhas 18 hectáreas

de terreo das que os visitantes poden desfrutar.

Con que instalacións contan?

Contamos con tres comedores para 16 persoas cada un deles e tamén

“Hai un mes estiveron 16 mulleres de México na Ferverza e no libro de visitas a palabra que máis repetiron foi maxia”

contamos cun gran comedor con capacidade para 200 persoas que se pode dividir en dous espazos diferentes. Neste último é onde adoitamos acoller os eventos. Despois, temos tamén fóra unha ampla terraza arredor da casa rural e un espazo, como falaba antes, de bosque e o río Miño, onde se atopa o muíño. Tamén cabe destacar a nosa casa rural, que conta con 9 habitacións, dúas delas nas que caben 4 persoas,

xa que son familiares, e as outras son dobres para parellas.

Que tipo de produtos ofrecen?

No restaurante non temos un produto único a destacar. Nós intentamos apoiar todo o posible os produtos da terra galega, de Lugo, da Ribeira Sacra... Así, ofrecemos carne de Porco Celta, de Tenreira Galega, tamén contamos con produtos do mar, como a anguía, o bacallau... Temos unha carta moi variada, na que destacan tamén as croquetas de chacina galega con queixo galego... Tratamos sempre de negociar con xente de Lugo e Sarria, pero tamén tratamos con xente de Galicia para promocionar os nosos produtos galegos e que os turistas e peregrinos que se achegan á Ferverza se leven unha imaxe do que temos.

Hai moito turismo pola zona?

Evidentemente, temos moito turismo. Como comentaba antes, a paisaxe idílica e impresionante fai que veña moita xente. Ademais, traballamos directamente con persoas, pero tamén con tres axencias que nos mandan persoas do Camiño de Santiago, que ao final son clientes



que quedan contentos e repiten, dinllo á axencia e mandan máis xente. Sobre todo, hai peregrinos que se achegan a pasar uns días do Camiño aquí e podemos atoparnos con españois, americanos, chineses...

Que horarios teñen?

Nós traballamos todos os días do ano, non descansamos ningún, A Ferverza sempre está aberta. Temos moita xente nova que ten curiosidade por coñecer A Ferverza e pasar tempo no mundo rural.

Que tipo de eventos organizan?

Facemos eventos de todo tipo, desde vodas, comuñóns, bautizos, eventos de empresa, aniversarios... Ademais, ofrecémoslles información turística sobre as dúas rutas que hai desde A Ferverza. O cliente o que adoita facer é cear con nós, durme e despois fai a ruta ou vai á Ribeira Sacra.

Con que equipo de traballo contan?

Somos sete persoas e logo contamos con extras para os fins de semana ou eventos. Somos como unha familia e todos temos que facer de todo. Por iso, a xente queda contenta, porque ven o compromiso do equipo. Temos un libro de visitas no que os turistas escriben como foi a súa estancia na Ferverza e case todas as valoracións son positivas, aínda que a maioría xa se sabe como se senten antes de que escriban. Queremos que se sintan como na súa casa, cun ambiente familiar e pequeno, onde podemos personalizar máis o trato.

Como definiría, en resumo, a Ferverza Casa Grande e Restaurante?

Nós podemos dicilo todo moi ben, pero hai que vivilo, son sensacións que hai que vivir. Hai un mes estiveron 16 mulleres de México na Ferverza e no libro de visitas a palabra que máis repetiron foi “maxia”.

EXPOSICIÓN
A NOSA ARTE
Colección do Parlamento de Galicia

LUGO
DO 9 DE NOVEMBRO DE 2023
AO 27 DE XANEIRO DE 2024
SEDE AFUNDACIÓN
Praza Maior, 16

Horario:
Luns a sábado de 17.30 h a 20.30 h.
Domingos e festivos pechado



Máis de 400 persoas asistiron á Festa dos Avós de Paradela



O Concello de Paradela valora moi positivamente a festa celebrada esta fin de semana no municipio na honra dos máis maiores de Paradela a través da XXVIII edición da Festa dos Avós.

Así, durante o día, máis de 400 persoas se congregaron no mercado municipal para desfrutar dunha comida

conxunta, na que tamén participaron familiares, membros da corporación municipal e incluso nenos.

Ademais da comida, houbo misa, agasallos repartidos polo alcalde de Paradela, José Manuel Mato, e a actuación musical da Banda Municipal de Paradela, que amenizou a xornada.

O mercado gandeiro acollerá o magosto organizado pola Asociación de Mulleres Rurais

A Asociación de Mulleres Rurais de Paradela organiza a actividade do magosto para os seus veciños e veciñas de Paradela o vindeiro 18 de novembro.

O Mercado Gandeiro de Paradela é o lugar escollido para acoller a todas as persoas que se queiran achegar a este magosto a partir das 21.30 horas do 18 de novembro a comer castañas cos seus amigos e amigas do

municipio. Para iso, terán que inscribirse falando coas organizadoras ata o 14 de novembro. Ademais da degustación deste froito típico do outono, as persoas participantes poderán desfrutar da boa música e dunha verbena amenizada polo Dúo Explosión e pola Charanga de Paradela, que porán a música como segunda protagonista da noite.

A xornada divulgativa sobre o ENIL Loio-Ruxidoira foi todo un éxito

O centro sociocultural de Paradela acolleu unha xornada divulgativa sobre o ENIL Loio-Ruxidoira, un espazo de interese natural que transita a ambas marxes do río Loio composto por vexetación autóctona entre a que destacan carballos, soutos centenarios e bosques de ribeira.

Por isto, a xornada incluíu diferentes bloques temáticos nos que diferentes profesionais falan sobre os valores naturais e sobre as iniciativas de xestión do ENIL e do medio flora e fauna; así como os valores patrimoniais etnográficos presentes no ENIL. Por outra banda, os relatores tamén trataron as iniciativas de xestión conxunta e a aplicación da Lei de recuperación de Te-



rras Agrarias, na que participou Xestión Conxunta e durante a cal se expuxeron exemplos inspiradores de xestión da man de Souto Activo, que falou da recuperación dun soto tradicional en Vilar do Courel para a posta en produción e regata de San Mateo. Entre as persoas partici-

pantes atopábase Roberto Cabo, enxeñeiro que forma parte da Asociación de Propietarios Ribeira de Sucastro, quen valorou esta xornada como "moi boa, xa que houbo intervencións moi interesantes e algúns relatores con moito que contar e moita experiencia".

A Banda de Música local celebrará o seu 150 aniversario o día 26

A Banda de Música de Paradela celebrará durante a festa de Santa Cecilia, o vindeiro 26 de novembro, un acto en conmemoración e posta en valor da súa actividade durante os seus 150 anos de vida.

Así, contarán con diferentes directores doutras bandas de música, que se achegarán para facer desfrutar aos veciños e veciñas da música tradicional e recordaranse a todas as persoas que fixeron posible mantela viva tanto tempo.

Tamén haberá unha unha misa



ás 13.00 horas e farase unha presentación dos gaiteros coa banda. Da mesma maneira, ac-

tuará o coro infantil e a banda e, para rematar, haberá unha comida conxunta nun restaurante.

Muévete
a **BigMat**
viñas

982 530 060
www.bigmat.es

BigMat Viñas en el Polígono de San Julián de la Vega de SARRIA con más de 6.000m² de instalación en baños, bricolaje, electricidad, fontanería, herramientas, jardinería, materiales de construcción, pinturas y decoración.

Parking gratuito

699€

GM392// Conjunto 3+2 plazas (Medidas 3 plazas: 185 cm. y medidas 2 plazas: 145 cm.) en tonos beige y tejido anti manchas.

Ven a Visitarnos, Te esperamos!

Muebles SINDIN
VENTA DE MUEBLES EN GENERAL
PARADELA, Sarria (Lugo) - Fax: 982 541 297
Telf.: 982 541 066 - Móvil: 609 944 676
mueblesindin@gmail.com / www.mueblesindin.com

GALEGA
www.galegadornobile.com
SALONES
DORMITORIOS
SOÑOS
AVANZADOS
DESCANSO
Y MUCHO MÁS...

PORTOMARÍN
Muebles SINDIN PARADELA
Sarria

Ti elixes... Comida a domicilio

PIZZERIA PAPARAZZI
100% ITALIANI
¡¡OFERTAS ESPECIALES!!

-50% en la segunda pizza familiar
-25% en la segunda pizza mediana

Martes
Familiar de Jamón e Bacon
8€

Servicio a domicilio
Rúa Diego Pazos, 30 - Baixo Sarria
Tel. 982 012 026

CAFETERIA Polo

SERVICIO A DOMICILIO
Tel. 982 530 021

Calvo Sotelo, 12 27600 SARRIA (Lugo)

Matias Locanda

SERVICIO A DOMICILIO
RÚA MAIOR 4, SARRIA - TELÉFONO: 982 886 112



... Comida para recoller

CERVECERÍA ESPAÑA
¡LO BUENO LO ELIGES TÚ!

CERRAMOS LOS MARTES

DISFRUTE DE NUESTRAS EXQUISITAS RACIONES DE POLLO CRUJIENTE, TIRAS, ALITAS, BROCHETA AL AJO Y PARMESANO, FAJITAS DE POLLO, BURRITOS DE TERNERA, CROQUETAS, EMPANADILLAS, CALAMARES Y CHIPIRONES...

VARIEDADES DE TOSTAS... COMIDA PARA LLEVAR

CALLE DIEGO PAZOS 29, BAJO. SARRIA - TEL.: 671 407 060

CAFETERÍA EL PARISIEN Comida para levar

Especialidade en raxo, táboas de embutidos e queixos, racións caseiras, hamburguesas premium...

Calvo Sotelo, 180 * T. 982 530 491 * SARRIA

cafe CUBAN bar

COMIDA PARA LLEVAR

1º PREMIO XV CONCURSO DE TAPIS TAPICHEO'22

Matias López 100, SARRIA - cafeteriabarcubano@gmail.com
Tfno.: 982 886 580

BAR Montecarlo

Nuestra carta en tu mano
Comida y cafés para llevar

Rúa Diego Pazos 1. 27600 - Sarria
Telf. 982 88 69 66 621 37 10 22 montecarlosarria.es

O Concello vaise adherir á rede de Cidades Amigables

O Concello aprobou na última xunta de goberno o acordo de adhesión á rede de Cidades e Comunidades Amigables coas Persoas Maiores que promoveu a OMS e o Instituto de Maiores e Servizos Sociais.

Na reunión, ademais de aprobar adherir o Concello de Láncara á Rede de Cidades e Comunidades Amigables coas persoas maiores, tamén se designou a Alba Sangil, concelleira de Des-

envolvemento Local, Cultura, Deporte, Medio Ambiente, Participación veciñal e Novas Tecnoloxías, como contacto para coordinar a correspondencia e coordinación coa OMS e outros membros da Rede; e facultouse ao alcalde do Concello de Láncara para formalizar a adhesión e para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

Sés é a gañadora do XXI Premio Ramón Piñeiro Facer País da Asociación Val de Láncara

A Asociación Cultural Val de Láncara vén de presentar a gañadora do seu XXI Premio Ramón Piñeiro Facer País, que recoñece o labor dunha persoa ou entidade galega a favor do desenvolvemento da comunidade. Así, a premiada foi a filóloga María José Silvar, máis coñecida como Sés.

A asociación presentou no Consello da Cultura Galega o seu fallo explicando que: "Traemos unha proposta rompedora e visceral, unha filla propia da terra e referente a seguir para moitos de nós" destacou Lucía Arrojo Vázquez, membro da asociación.

Así, xustificaron a súa elección xa que consideran que Sés "cadra á perfección co perfil deste premio e destaca a súa postura clara de defensa da lingua e a cultura galega, aínda que tamén dende unha



visión nova, rompedora, actual, feminista defensora de poetas e en especial poetisas combatendo as inxustizas sociais e de xénero, dándolle voz a quen a ten... combativa", explicou Lucía Arrojo tras facer público o fallo que concede a Sés este popular galardón.

As obras da prolongación da variante ferroviaria comezarán no 2024

O delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco, mantivo un encontro co alcalde de Láncara, Darío Piñeiro, e co primeiro tenente de alcalde e deputado provincial, Pablo Rivera, no que confirmou a aposta do Goberno Central pola prolongación da variante ferroviaria de A Pobra de San Xiao en Lugo.

Estas obras, cun investimento de 21,6 millóns de euros, iniciaranse a principios do 2024 e enmárcanse dentro das proxectadas para a mellora e modernización do corredor ferroviario Ourense-Monforte de Lemos-Lugo, cun orzamento total de 550 millóns de euros para a renovación da liña e o delegado manifestou que grazas a este investimento "a



provincia estará máis conectada que nunca, avanzando cara unha mellora de servizos e mobilidade no rural". O principal obxectivo desta actuación responde a unha necesidade dos veciños do municipio "para

abrir vías de conexión máis inmediatas a nivel comarcal e con outros lugares da provincia, cuestión coa que o Goberno de España amosa o seu compromiso con feitos".

Comezan unha nova actividade no CPI Ramón Piñeiro

A Anpa do CPI Ramón Piñeiro da Pobra de San Xiao de Láncara organiza para este curso escolar varias actividades deportivas para o seu alumnado, entre as que se atopa unha nova este ano, a de Kung Fu, da man de José Manuel Nunes, do club deportivo da vila.

Esta actividade impartirase para os nenos e nenas interesados en desenvolver este deporte os luns, venres e sábados, pero tamén haberá outras tres actividades: zumba, que terá lugar os martes con Ana; ximnasia rítmica, os mércores con Lucía, e loga dance, os xoves con Ana G.F.

Estas actividades, defenden desde

a Anpa, "teñen como obxectivo que os nenos medren e se desenvolvan con saúde, por iso apostamos por estas actividades como unha inversión en saúde, porque activamos os seus sentidos, desenvolvemos as súas capacidades psicomotrices e sociais, superando os seus límites, interactuando cos seus compañeiros e compañeiras de actividade, aprendendo a colaborar en equipo".

Así, desde a Anpa poñen o foco nos beneficios de cada unha das actividades, xa que "son actividades que poñen en marcha todas as súas capacidades, como no caso do loga e o Kung Fu", din.

Promoven un curso de autodefensa para as mulleres

Con motivo do Día Internacional da eliminación da violencia contra a muller, o Concello de Láncara súmase á campaña de sensibilización contra a violencia de xénero.

Deste xeito, e en colaboración coa Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, promóvese un curso de autodefensa para mulleres.

A actividade, que está enfocada a maiores de 16 anos, terá lugar os días 21 e 23 entre as 16.30 e as 20.30 horas no polifuncional da Pobra de San Xiao.

Os interesados na proposta, que está monitorada por especialistas da Federación Galega de Loita, xa poden inscribirse a través do 982 543 077 ou do 982 543 066.

FONTANERÍA Y GAS
VILAR VALCARCEL S.L.

AEROTERMIA
SUELO RADIANTE
BIOMASA
INSTALACIONES DE CALEFACCIÓN, FONTANERÍA Y GAS

C/ Portomarín, 17 • C/ Arias de Arbieta s/n
27600 Sarria (Lugo) • Telf/Fax: 982 531 449
Móvil: 659 589 024 • vilavalcarcel@hotmail.com

albisar
CONSTRUCCIONES Y CUBIERTAS

ESPECIALISTAS EN REFORMAS Y REHABILITACIONES

CUBIERTAS DE PIZARRA
COLOCACIÓN DE PIEDRA
ESTRUCTURAS DE NAVES
EXCAVACIONES Y TRANSPORTES
OBRA NUEVA

LG. VILAMEA, 2 - 27619 SARRIA - TFNO.: 616 212 698

“O noso obxectivo é rachar con estereotipos e prexuizos”

Carlota Vivero é a promotora da cooperativa Atoupa, que cumpre un ano

Como nace a cooperativa Atoupa, cando e con que motivación?

A idea de crear a cooperativa xorde ao rematar os nosos estudos, hai dous anos, e darnos conta de que na provincia non contabamos con moitas oportunidades para desenvolver a nosa carreira profesional como sociólogas. Ao mesmo tempo, observamos unha realidade social atravesada por retos como o envellecemento poboacional, o baleiro poboacional do rural, etc.; retos aos que nós, cos nosos coñecementos, podíamos axudar a comprender colaborando con outras entidades. De aí xorde Atoupa, do desexo de traballar na nosa provincia e devolver, dalgunha forma, o aprendido como sociólogas as nosas comunidades.

Cal é o obxectivo desta agrupación?

O noso obxectivo é xerar coñecemento sociolóxico que contribúa ao deseño e implantación de políticas transformadoras implicando ao conxunto da sociedade.

Por quen está conformada?

Agora mesmo somos dúas socias traballadoras. Ámbalas dúas estudamos o grao de Socioloxía na UDC e realizamos un mestrado en políticas sociais e intervención sociocomunitaria. Ana, a miña compañeira, está especializada en migracións internacionais e eu en envellecemento e transformacións familiares. Dentro da cooperativa, distribuimos os cargos tendo en conta a experiencia laboral e as preferencias de cada unha. A partir disto, decidimos que a xestión de persoal e a comunicación quedaran a cargo de Ana, mentres que a xestión administrativa e comercial, estarían baixo a miña responsabilidade. En canto á planificación estratéxica e os servizos,

coordinámolo todo xuntas aplicando unha división do traballo segundo as nosas especialidades.

Por que o nome Atoupa?

O nome de Atoupa é un xogo de palabras que xorde entre atopar e toupa. Coa expresión “atoupa” queremos reflectir a nosa actividade de investigación e consultoría social, ao facer referencia a un animal, a toupa, que se caracteriza por escarvar na superficie para penetrar nas profundidades do terreo (da realidade social, diremos nós), mentres indicamos tamén o noso obxectivo de atopar formas de afrontar retos sociais de diversa índole.

En que ámbitos se enfoca o traballo de Atoupa?

Enfocámonos en seis áreas de traballo de gran importancia para a realidade galega: o envellecemento poboacional e os dereitos sociais das

“O nome de Atoupa é un xogo de palabras que xorde entre atopar e toupa. Queremos reflectir a nosa actividade de investigación”

persoas maiores, os fluxos migratorios e a promoción da interculturalidade, a procura da igualdade real e efectiva entre xéneros, o traballo de coidados e a súa posta en valor, a precariedade laboral e a dinamización do territorio.

En que tipo de proxectos están involucrados?

Ata o momento estivemos traballando na avaliación do impacto de diferentes proxectos educativos e prestando servizos de apoio á investigación na universidade. Colaboramos en diversas ocasións co grupo de innovación docente XuvenCienca do Campus Terra da USC na avaliación do impacto social de diferentes proxectos educativos que levan a cabo e que buscan fundamentalmente promover as vocacións científicas na mocidade.

Que proxectos de futuro teñen en mente para impulsar?

Agora mesmo estamos traballando en ideas para levar a cabo charlas-talleres coas que divulgar coñecemento sociolóxico sobre o envellecemento e as migracións. O obxectivo é contribuir a rachar con algúns dos estereotipos e prexuizos que hai arredor destes fenómenos e que se traducen na discriminación ás persoas maiores e migrantes.

En que consiste o proxecto Rede de Cidades e Comunidades Amigables Coas Persoas Maiores no que participan co Concello de Láncara?

É unha iniciativa promovida pola OMS que busca conectar todos aqueles municipios do mundo que estean comprometidos co envellecemento activo e saudable. Os concellos que se adhiren a ela adquiren o compromiso de traballar para adecuar a contorna física e social ás necesidades das persoas maiores que viven nese territorio.

Cal é o voso labor dentro desta rede?

Desempeñamos dúas funcións. Por unha banda, prestamos asesoramento ao Concello con respecto ao proceso formal de solicitude da adhesión do municipio á Rede. E por



outra, levamos a cabo o estudo diagnóstico das necesidades das persoas maiores. Un estudo que co-deseñamos co Concello e do que agora estamos levando a cabo o traballo de campo, é dicir, a recolección de in-

“Os estudos demográficos indican que os municipios rurais galegos teñen unha estrutura poboacional envellecida”

formación a través de grupos focais e entrevistas que posteriormente analizaremos e cuxos resultados presentaremos nun informe

Por que son importantes estas iniciativas para a sociedade?

Os estudos demográficos indican que os municipios rurais galegos teñen unha estrutura poboacional ave-

llecida, cun peso das persoas maiores de 65 anos sobre a poboación total que varía entre o 20 % ata máis do 40 %. En Láncara, o 36 % das persoas empadroadas son maiores de 65 anos. Pero o envellecemento demográfico non é un problema social, senón un reto e tamén unha oportunidade. Ese é o enfoque que inspira esta iniciativa. Trátase de adaptar as comunidades onde vivimos ás necesidades e desexos das persoas a medida que envellecen. Realizar mellores nas diferentes áreas que vertebran o proxecto, tendo en conta as opinións da veciñanza, non só contribúe a mellorar a calidade de vida das persoas, tamén favorece a súa participación e pon en valor as súas contribucións sociais. Gustaríame invitar ás persoas maiores do Concello de Láncara a participar nos grupos que estamos organizando por parroquias ou simplemente a chamar ao número que facilitamos (672 501 713) para falarnos das súas necesidades e preocupacións, das cousas que pensan que poden ser melloradas

¿TIENES TU APARTAMENTO / PISO PARADO GENERÁNDOTE GASTOS?*

***SOLO SARRIA (CASCO URBANO)**

¡SÁCALE RENTABILIDAD YA A TU PISO!!!

GESTIONAMOS TU PISO A LA CARTA

NOS ENCARGAMOS DE TODO

- Promoción en Internet
- Limpieza general
- Lavandería
- Sólidas referencias

INFÓRMATE SIN COMPROMISO

TOURIST HOME

GESTIÓN DE PISOS TURÍSTICOS

Tfno: 650 082 298

CARNICERÍA

Noda

TERNERA PAÍS RUBIA GALLEGA

- Calidad Suprema •
- Tradición y Sabor •
- Cría tradicional •

DIEGO PAZOS 91 BAJO, 27600 SARRIA

TFNO.: 689 412 953 - 982 533 052

A SDC Laiosa celebra o seu magosto o 18 de novembro

Os veciños e veciñas de Laiosa, no Incio celebran a súa festa de magosto o vindeiro 18 de novembro a partir das 21.00 horas da noite grazas á organización da Sociedade Deportivo Cultural Laiosa.

Así, as persoas que queiran participar desta actividade na que se xuntarán veciños e veciñas para desfrutar dunha festividade

de propia do outono poderán facelo aportando unha cantidade simbólica sexan socios ou non.

Poderase desfrutar da gastronomía con empanadas, xamón á feira, pementos, troitas, churrasco mixto, larpeira, castañas, bebida, café e licores, así como tamén haberán agasallos e sorpresas.

Estréase un documental sobre a Manuel Díaz, o médico dos pobres

Xa viu a luz unha cinta centrada na vida de Manuel Díaz González, coñecido como o médico dos pobres ou O Pequeniño do Incio. O documental sobre o último alcalde republicano do Incio, asasinado polos falanxistas en 1936, está impulsado pola asociación A Memoria é Náufraga e dirixido por Federico Rioboo.

A produción recupera a memoria dunha figura de transcendencia para a vida social e política do Incio cando se cumpren 87 anos da súa morte. Porén, o médico e político tamén deixou a súa pegada en Bóveda, pois foi neste Concello onde tivo o seu último refuxio antes de ser apresado e executado en Castilla da Serra, entre Laiosa e O Incio.

O documental proxectarase en Quiroga o 24 de novembro, mentres que en Taboada poderá verse o 25 de novembro ás 19.30 horas no



Cuartel Vello.

No Incio a produción proxectarase ás 17.00 horas o 26 de novembro. En Chantada, chegará o 1 de decembro ao auditorio municipal ás 20.30 horas. Polo momento, a última proxección confirmada será en Sarria o 2 de decembro ás 19.00 horas nos locais da sociedade La Unión.

O inciao Jose Parada aposta polas motos facendo rutas europeas



Un dos promotores do grupo de moteiros Celtic Riders do Incio vén de anunciar que o grupo, tal e como se coñecía, xa non ten moita actividade deportiva.

Jose Parada, o catalán afincado no Incio desde hai catro anos, sostén que “o de xuntarse entre 15 e 20 persoas para andar na moto estivo ben durante dous anos, pero é moi complicado xuntar a tanta xente que ten diferentes circunstancias na súa vida e que, ademais, a maioría, non viven no Incio”.

Así, dixo que segue xuntándose con tres ou catro amigos do grupo cos que si sae en moto de vez en cando, pero que o dos Celtic Riders “era difícil de manter” porque “non hai tempo”.

Por isto, Parada comenta que está tamén moito cos moteiros do Sarria Bikers, que organiza en maio a súa primeira concentración de motos, e aos que cualifica de “moi boa xente que

fai cousas moi interesantes”. Así, dixo que promoverá e axudará a Sarria Bikers a que desenvolvan este ano a Papanoelada de motos en Sarria, na que lle gustaría participar.

VIAXE POR EUROPA. Este veciño do Incio, por outra parte, vén de facer un percorrido de dúas semanas coa súa moto, a súa muller e unha tenda de campaña saíndo desde o Incio ata Francia, despois cara a Suíza, logo Alemaña, a continuación Austria, e finalmente Liechtenstein, para logo volver baixar polos Alpes ata Italia e logo xa de volta a Barcelona e, desde aí, a O Incio.

“O mellor da experiencia foi acampar nos Alpes e espertarse aí”, sostivo Parada, quen sostén que se quedarían máis de viaxe se non fora por unha tormenta “que nos seguiu toda a viaxe, e cando chegamos a Italia queríamos baixar máis, pero decidimos

volver porque se non, nos collía”. Así, di que seguirá facendo este tipo de viaxes e aventuras coa súa moto porque é a súa paixón e apoiará todas as iniciativas da comarca de Sarria e arredores que promovan o uso deste vehículo.

OUTRAS AFECCIÓNS. Jose Parada, ademais do seu traballo do día a día e da súa afección polas motos, agora tamén é un inciao youtuber, que vai subindo ás redes sociais as súas viaxes e todo o que ten que ver coa moto.

“Merquei unha moto grande e empecei a gravar vídeos sen ter intención de gañar nada, pero o primeiro ano xa me marquei obxectivos e cumprinos, e este ano quería chegar aos 5.000 subscritores e estou a piques de conseguilo. É algo que me gusta e leva tempo, pero documentar o que fago coa moto, gústame”.

CARPINTERÍA METÁLICA

- CARPINTERÍA DE ALUMINIO Y PVC
- PUERTAS, VENTANAS DE ALUMINIO
- VENTANAS DE PVC
- CIERRES EXTERIORES DE ALUMINIO LACADO
- PUERTAS MOTORIZADAS SECCIONALES Y DE CORREDERA
- MAMPARAS DE BAÑO Y MOSQUITERAS

CAMIÑO FRANCÉS

C/ Camiño Francés, 41 Sarria (Lugo)
Tel.: 672 149 386 / 982 009 270
camiñofrances.aluminios@gmail.com

COMPRA-VENTA DE MADERA
Más de 30 años en el sector

MANUEL DÍAZ DÍAZ
MADERAS PENEDO

¡Venda su madera!!!
Llámenos sin compromiso.
Trabajamos toda la comarca de Sarria.
Nosotros nos encargamos de todo.

Tels.: 616008540 • 619678989
Grallas, 13 - O Paramo

Os socialistas denuncian que non haberá residencia de maiores

O PSOE do Páramo critica que non se cumpran as promesas feitas polo Partido Popular do Páramo, que actualmente goberna, durante a época de campaña electoral.

Así, concretamente, explican que durante o mes de maio "díxose que a Casa de Amelia, situada no campo da feira do municipio e propiedade do Concello, sería o lugar no que se establecería o lugar da residencia de maiores e o centro de día. É máis, desde o PP dicían que había un compromiso firmado pola Xunta de Galicia para levar a cabo o proxecto e a súa construción", sosteñen.

Porén, despois de máis de 100 días desde que o goberno local xa está en funcionamento "non é só que non se soubese máis sobre o asunto, senón que saíron os investimentos da Xunta en Lugo 2024-2027, e O Páramo non aparece, polo que non ten consignación orzamentaria".

Por todo isto, din que "as promesas



da campaña electoral por parte do PP non se cumpran" e O Páramo seguirá sen unha residencia nin centro de día para unha poboación rural e cada vez máis envellecida.

GOBERNO LOCAL. O Goberno local do Páramo recibiu a membros da Fundación San Rosendo e responsables políticos da Xunta co fin de avanzar co proxecto da Residencia de Maiores do Páramo, que se achega-

ron ao solar onde se van a empregar as instalacións e departiuse sobre as características que debe de ter a dita residencia para que sexa viable a súa implantación.

Esta foi unha das propostas electorais do PP, que agora goberna a localidade, e sobre ela se está a traballar "para facela realidade", explican desde o Goberno local, "para dotar así ao noso concello duns servizos que eran moi necesarios", concluíron.

Renovado o pavillón municipal tras unha inversión de case 60.000 euros

O pavillón municipal xa está rematado despois de que a empresa Reformas Rd de Lugo fixera os últimos arranxos para que os veciños e veciñas do Páramo poidan desfrutar destas instalacións.

Así o comunicaron desde o Concello do Páramo, que contou cun orzamento de case 60.000 euros para levar a cabo as obras e para

dotar ao complexo de maquinaria deportiva co fin de crear unha aula *fitness*, plataformas de acceso e unha praza de aparcadoiro para persoas con mobilidade reducida e melloras nos vestiarios.

A Deputación axudou ao Concello cunha achega de máis de 8.000 euros, cos que se dotou ao pavillón municipal de máquinas

de ximnasio, como unha para traballar as costas, unha bicicleta elíptica e un desfibrilador. As instalacións do pavillón, que se atopaban bastante deterioradas, foron renovadas por completo, xa que se lle cambiou o teito do edificio, o pavimento dos vestiarios, as duchas, pero tamén houbo que facer un gran traballo de albanería e carpintería.



Restauradas dúas vivendas para casos de emerxencia

A vivenda reitoral de Piñeiro e a escola de Moscán veñen de ser restauradas polo Concello co fin de destinalas a casos de necesidade social. Concretamente, a reitoral de Piñeiro foi reformada co traballo do alumnado dun taller de emprego, quen reformou a estrutura, mentres que na escola de Moscán dedicouse unha subvención da Xunta de 45.000 euros

para a súa rehabilitación. Así, a escola de Moscán, que contaba con diversas aulas, poderá servir no futuro para albergar vivendas sociais a baixo custo para persoas que queiran ir vivir ao Páramo. Pola súa banda, os sete alumnos que participan do taller de emprego restauraron a casa reitoral de Piñeiro que comprara o Concello para casos de emerxencia social.

CENTRO DE SAÚDE



Decenas de persoas concentráronse diante do centro de saúde do Páramo nunha manifestación convocada polo Bloque Nacionalista Galego do Páramo con motivo da "continua falta de persoal facultativo que impide a correcta atención primaria da veciñanza", tal e como anunciou a portavoz do grupo político, Marta Porteiro.

SONDEOS CORDERO

Especialistas en pozos de barrena



Más de 30 años de experiencia trabajando en la comarca de Sarria

- Distintos diámetros de perforación desde 125 mm hasta 200.
- Electrobombas solares y eléctricas.
- Hacemos pozos dependiendo de las necesidades de cada cliente.

¡PIDANOS PRESUPUESTO SIN COMPROMISO!

Tfno.: 629 070 720
Triacastela Lugo

ARQUITECTO TÉCNICO



OFICINA TÉCNICA ARQUITECTURA

XOSÉ BRAIS PEREIRO CHAOS
arquitecto técnico

PROYECTOS TÉCNICOS / DIRECCIONES DE OBRA

COORDINACIONES DE SEGURIDAD Y SALUD

CERTIFICACIONES / INFORMES

TRABAJOS TOPOGRÁFICOS

ASESORAMIENTO TÉCNICO EN CONSTRUCCIÓN

URBANISMO

SARRIA (LUGO) T: 676 559 980

“No club acollemos a calquera persoa con interese pola lectura”

Álex é o responsable do Club de Lectura Oribio do CEIP de Triacastela

Como xorde o Club de Lectura do Oribio?

O Club de Lectura Oribio nace coa necesidade de impulsar a biblioteca do centro. O obxectivo é que todo triacastelá vexa este club como un espazo cultural de gozo e aprendizaxe, convivindo nel diferentes idades. A idea xurdiu ao remate do curso pasado e perfilouse durante o mes de setembro.

Con que motivación ou con que finalidade?

A gran meta é gozar da lectura dende diferentes perspectivas, creando actividades diversas onde maiores e pequenos compartan experiencias.

Cantas persoas participan?

Case todo o alumnado do centro queda no club. Falamos de nenos e nenas dende 3 a 11 anos. Ademais, eu, que son o responsable de centro, sempre quedo e en ocasións tamén algúns dos mestres do cole. Na primeira edición participaron catro persoas adultas: tres familiares e Mirella López, a autora de Breicar (o libro

que estamos a ler).

Pretendemos acoller a moitas máis persoas de mediana ou avanzada idade (avós e avoas, usuarios/as das casas do maior...). En xeral, é unha actividade aberta a calquera persoa relacionada con Triacastela.

Que actividades van desenvolver durante este ano?

A medida que descubrimos o libro de Breicar, realizaremos lecturas abertas, lecturas comentadas, actividades artísticas, murais sobre o lido, saídas a algúns dos escenarios que aparecen no libro, etc. Tamén acolleremos a calquera persoa con interese pola lectura e escritura que desexe visitarnos e proporemos actividades en base ao vivido.

Como axudan estas actividades na vida escolar do centro?

Está moi relacionado co día a día do centro. Este ano traballamos un proxecto de educación patrimonial chamado “O teu pasado, o meu presente”. Nel, descubrimos e estudamos a historia de Triacastela dende

diferentes manifestacións patrimoniais: histórica e cultural, lingüística, arquitectónica e natural. A biblioteca Rosalía de Castro é, por así dicilo, o centro cultural de operacións do proxecto que ten como produto final a creación dun museo.

Ademais, tamén facemos todos os venres o servizo de préstamo e traballamos dende as áreas lingüísticas un libro por trimestre, realizando durante a lectura un mural entre toda a clase. Todo isto fai que os nenos e nenas adquiren especial gusto pola lectura e vexan o feito de acudir á biblioteca como un momento de goce.

Por que son importantes este tipo de actividades en Triacastela?

A forza dunha escola rural ten que estenderse ao contexto social que lle dá vida. Se creamos unha escola aberta e dinámica lograremos, ademais de educar e formar aos nenos e nenas do mañá, amosarlles que a terra onde viven está repleta de oportunidades.

Que ten de interesante, en xeral,



Triacastela?

Pois enlazando co final de resposta da pregunta anterior, Triacastela pódese definir como oportunidade en xeral. Eu son un apaixonado do sendeirismo, polo que o Monte Oribio para min é sagrado; pero tamén ten a Cova Eirós, a Castiñeira de Ramil de oitocentos anos, a Nogueira do Camiño Vello tamén centenaria, o Camiño de Santiago, feiras os 28

de cada mes, numerosos establecementos de hostalería, parroquias con moita vida habitadas por xente nova e maior, tres Casas do Maior, dúas Casas Niño, un Concello que impulsa constantemente actividades e oportunidades para a súa xente e, dende logo, unha escola que promete traballar para facer ver ás persoas que aquí nacen, medran e fortalécense as ilusións dos nenos e nenas.



Marfer

INFORMÁTICA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA







SOMOS IMPLANTADORES DE KIT DIGITAL



C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084
www.imarfer.com - correo@imarfer.com



CEIP EDUARDO CELA. O CEIP Eduardo Cela Vila vén de estrear un novo mural. A ANPA do colexio foi a encargada de realizar esta peza artística que dá cor á entrada do centro. O mural, que foi deseñado por Trece Trazos, recolle unha paisaxe rural, un alumno que observa esa estampa nun libro e unhas mans que sosteñen un bolígrafo. Varios números e sinais matemáticas acaban por completar a composición que combina os tons amarelos, verdes e azuis.

C-27-000501



Centro de logopedia
M^o del Mar Tourón
N^o de colegiado 15/0048

**Y TÚ
¿CÓMO
HABLAS?**

TRASTORNOS

- MIOFUNCIONALES
- AUDICIÓN
- LENGUAJE ORAL Y ESCRITO
- HABLA
- VOZ

NIÑOS Y ADULTOS de 0 a 99 años

Rúa Pedro Saco, 33 Entlo. 27600 Sarria Tfno.: 669 260 537 m_martl@hotmail.com

A nova praza podería levar o nome de Vergara Vilariño



Desde o Goberno local levaron ao Pleno a proposta de poñer de nome á nova praza fronte ao mosteiro como Vergara Vilariño en homenaxe ao poeta nado no Concello de Samos, proposta que o PP votou en contra. Pola súa parte, os populares criticaron a afirmación do edil de deportes que dixo que os maiores da residencia municipal da vila “deben de traballar de maneira altruísta no horto que está proxectado nunha parcela contigua ás instalacións”, xa que o voceiro popular cre que os maiores xa traballaron abondo durante a súa vida.

Ademais, o PP tamén criticou que o goberno local “rexeitase a proposta do PP para que o Concello de Samos subvencionase unha parte do material escolar que precisan os nenos do colexio”, ao que a alcaldesa respondeu que nos orzamentos non se deixou partida para iso, “ademais de que esa cuestión é competencia da Xunta, tanto as axudas como o transporte”. Tamén, sostivo que esas axudas “serían algo discriminatorio para o alumnado do colexio de Samos, xa que algúns non están empadroados no Concello”, sostivo.

O Concello impulsa unha iniciativa para crear un banco de imaxes do municipio

A área de Turismo do Concello de Samos vén de propoñer unha iniciativa para promocionar o municipio a través da creación dun banco de imaxes que conteñan todos os lugares interesantes de Samos.

Así, piden a todas as persoas, tanto veciños como persoas que se acheguen ao Concello, que manden as súas fotos de tamaño grande e boa calidade de Samos ao correo turismo@concellosamos.gal.

Valen tanto imaxes en vertical como en horizontal e poderán ser de pobos, casas de arquitectura tradicional, cociñas antigas, sequeiros, airas, igrexas, paisaxes, festas, fervezas, castros, alvarizas e demais.

Grupo de Teatro do Hospital de Lugo (HULA)
A Mariña/Abrente/Curuxan/A Adala Futura
Grupo de Teatro Down/Os Pinchacarneiros
Pico do Castro/Grupo Humorístico Trípode
Os Pícaros de Lagoa/O Bordelo/O Torques
Metátese Teatro/A Adala/Hipócrata Teatro
Grupo de Teatro Viravento/Lume Escénico
O Centiño/Borguete Teatro/Aleñía Teatro
Nova Escena/Colectivo Cultural Ollomao
Argalleiras/Teatreiras/Rebuldeira Teatro
57 Palabras/Os Palmoquiños/Os Trocos
Falcatruelros/Os Baluros/Aleñía Teatro
Ardora/Grupo de Teatro da Biblioteca
Municipal de Antas de Ulla

2008-2023
15 ANOS
 APOIANDO
 O TEATRO
 AFECCIONADO


DEPUTACIÓN DE LUGO
 VICEPRESIDENCIA
 Cultura

Máis información en
www.cultura.deputacionlugo.gal

Circuíto de teatro afeccionado 2023



ILUSTRACIÓN DE OSCAR VILLAR

O reloxo da torre de Samos estivo exposto a pé de rúa

O Concello de Samos expuxo, a pasada semana, o reloxo da torre a pé de rúa, tras unha porta de cristal, xunto á torre para que tanto os veciños e veciñas como os turistas poidan observar o reloxo cada vez que pase camiñando por alí. Este reloxo trátase dunha peza que data do ano 1802, e que por aquel entón se atopaba no Mos-

teiro, ata que no 1835 tivo que ser trasladada ao Concello para que non a roubasen ou sufrise algún deterioro.

“É un tesouro gardado do que gozamos os samanenses, e queríamos poñelo á vista de todos porque é digno de ver e desfrutar”, defenden desde o Goberno local samanense.

O PP critica a tardanza no acendido da calefacción na residencia de maiores

O portavoz do PP, Miguel Gallego, di que hai “malestar entre os maiores da residencia porque o Goberno local non acendeu a calefacción, alegando que hai que aforrar cartos”, din.

O popular explica que “os maiores lamentáanse de ter que estar con chaquetas e mantas todo o día para soportar a baixada de temperaturas, especialmente nas habitacións; xa que moitos son

moi maiores que teñen distintas patoloxías e deberían estar nun ambiente cálido”.

Pola súa banda, a alcaldesa de Samos, Chus López, explica que nin os usuarios nin as traballadoras da residencia lles trasladaron queixas polo frío, “é máis, ao saber da queixa do PP, chamamos á residencia por se había algún problema e díxéronnos que todo estaba ben”, sostivo a rexedora.

COLABORACIÓN

O benestar emocional do docente

O PUPITRE



Julio Díaz

Nun informe profesional que manexei hai uns días reflectíase que o estado de tensión constante que afecta á saúde mental dos docentes, plasmándose nun aumento importante de baixas laborais, pasando do 5 % ao 16 % os que rematan recorrendo a ela. Algo que se atribúe ao contexto educativo actual e á crise de pandemia e postpandemia que aínda estamos a sufrir.

Entendemos por saúde emocional ese estado de benestar psicolóxico xeral. Inclúe a maneira de sentirse cara un mesmo, a calidade dos seus vínculos, a capacidade para manejar emocións e sentimentos e as distintas formas que todos temos e debemos ter de encarar dificultades. A saúde emocional non é só a ausencia dunha enfermidade, implica capacidades e potencialidades, como son a resiliencia, a autoestima, ou buscar a mellor adaptación aos cambios.


O burn-out ou 'síndrome do queimado' é algo que como profesionais da docencia vimos a sufrir cada vez con máis intensidade; e que o noso traballo cada vez é máis complexo e estresante. Este síndrome (SBO) foi o primeiro en desenvolverse e actualmente a OMS o recoñece como enfermidade. Ocorre que moitos

profesionais da docencia incrementan ata tal nivel as súas obrigas profesionais que acaban por descoidar a súa, e quero eu desde o meu 'pupitre', recomendarlles que é imprescindible coidar dun para poder realmente despois coidar dos demais, así que antes de preocuparte en exceso do teu alumnado, debes darte tempo para vixiar as túas horas de descanso, de sono, a túa alimentación, a túa vida familiar e persoal. Para que o noso alumnado teña unha rede importante de apoio; nós, os docentes, debemos ter en perfecto equilibrio a nosa saúde mental e física para así poder asegurar que a atención ao noso alumnado sexa a mellor.

Debe o docente aprender a manejar as súas emocións e explorar con frecuencia o seu estado emocional, os factores que nos rodean e como nos afecta, así como as relacións persoais cos demais. Non se trata de darlle demasiadas voltas aos temas, pero si que de vez en cando avaliemos como nos sentimos. Debemos ser conscientes da problemática actual nos centros educativos onde o benestar emocional de toda a comunidade educativa debe ser unha prioridade das administracións. A atención ao profesorado, o recoñecemento social ao noso traballo, así como a inversión en educación son aspectos primordiais a ter en conta si pretendemos unha educación de calidade. É imprescindible, neste senso, o recoñecemento de enfermidades profesionais dos docentes.

O pacifismo xa non mola!?

CULTURA



Rebeca Maseda

Estes días estamos escoitando constantemente nos medios de comunicación a expresión "dereito a defenderse"... Igual son eu a que non se está decaitando da movida, pero, acaso isto non é branquear o "ollo por ollo"? É dicir, a idea é resolver un conflito político e territorial histórico coa fórmula da guerra e da violencia? Afrontar odio con máis odio, horror con máis horror. Pois sinceramente, non sei en que momento apelar á paz e á concordia deixou de estar de moda. Agora a vinganza e o "eu máis" son conceptos normalizados polos líderes occidentais e a ONU? Case boto de menos o "buenismo" hipócrita destas institucións. A dicir verdade, resúltame realmente curioso ler tantas veces "dereito a defenderse" no universo "cuqui" de Instagram, vai ser que a paz xa non mola nin no metaverso... Que a barbarie humana non ten límites e que a industria armamentística é moi poderosa, son afirmacións obvias que todas e todos temos moi claras, pero que nin sequera as persoas que se supón que teñen o temón se molesten en disimular, xa me parece tremendo. Francamente, dá medo.

A arte da guerra, expresión contradictoria? Sempre me resultou curioso xuntar estas dúas palabras nunha soa frase, pero o certo é que ao longo da historia, importantes pensadores escribiron largo e tendido sobre este tema: Sun Tzu e Sun Bin -ámbolos dous estrategos militares da antiga China- ou Nicolás Maquiavelo (1469-1527). O polifacético autor florentino -unhas das figuras máis relevantes do Renacemento Italiano-, está



considerado como o pai da Ciencia Política moderna, pero é que ademais, firmou un tratado militar titulado "Da arte da guerra" ("Dell'arte della guerra" na súa versión orixinal). Datado en 1520 e dedicado a Lorenzo de Filippo Strozzi, a obra transcorre no xardín da casa de Cosimo Rucellai, onde a través dun diálogo entre Fabrizio Colonna e outros invitados, Maquiavelo desenvolve a súa política militar. Ao longo dos sete capítulos nos que está dividido, vanse afrontando e descifrando de forma homoxénea aspectos como o do recrutamento, a relación infantería-cabalería, a instrución e adestramento dos soldados, a orde de combate, a moral do combatente, o recoñecemento e a observación do campo inimigo, o acuartelamento e o réxime disciplinario e, por último, os sistemas de fortificación e defensa.

Aínda sendo excesivamente crítico coa arte militar do seu tempo e demasiado idealizador con respecto ao antigo, e a pesar da vali-

dez puramente especulativa que pode atribuírse á maioría das súas propostas, "Da arte da guerra" é unha xenial exhibición de teorización política e militar que, pola súa concepción, expuxo na súa época o problema da socialización da virtude, sinónimo de nomear as calidades políticas que fan do soldado un cidadán democrático. Deste xeito, recupérase un Maquiavelo cuxa principal ambición é presentar a asociación indisoluble que no Estado democrático informa da relación milicia-República.

Non me podo resistir a enunciar aquí algunha das citas deste tratado, non teñen desperdicio!

"A natureza produce menos homes valentes que a educación e o exercicio."

"Xamais hai que levar as tropas ao combate sen comprobar a súa moral, constatado que non teñen medo e verificado que van ben organizadas. Non hai que comprometerlas nunha acción máis que cando teñen moral de vitoria."

"É preferible render ao inimigo por fame que coas armas, porque para vencer con estas conta máis a fortuna que a capacidade."

"Hai que aconsellarse con moitos sobre o que se debe facer, e con poucos sobre o que se quere realmente facer."

En termos históricos, resulta fascinante constatar como fórmulas ideadas na Italia renacentista do século XVI continúan totalmente viventes hoxe en día. En fin, menos mal que me considero unha persoa positiva e entusiasta porque se non...

Supermercados PARADELA

Su supermercado de confianza

Servicio de carnicería

Calle Cabaleiros de Santiago, 77 Bajo
27611 PARADELA / Telf.: 982 541 532

Vazquez Autos

pelayo
Agente Exclusivo

Rúa Matias López, 126
27600 - SARRIA (Lugo)
Tel. / Fax: 982 530 707
Móvil: 669 199 533
vazquezautos@hotmail.com

DEPUTACIÓN

Os orzamentos do próximo ano ascenderán a 116 millóns de euros

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, presentou no Parlamento de Galicia as liñas estratéxicas dos Orzamentos da institución para o ano 2024, uns presupostos “realistas, útiles e sociais” que ascenderán a 116 millóns de euros, o que representa un 5% máis ca neste ano.

O Goberno provincial está elaborando as contas coa previsión de aprobalas en Pleno neste mes de novembro para que así poidan entrar en vigor a primeiros de ano. Cooperación, políticas sociais, mobilidade e apoio aos sectores produtivos son as grandes liñas estratéxicas dos Orzamentos da Deputación de Lugo para o vindeiro ano 2024, concretou o presidente. En canto a cooperación, José Tomé incidiu en que a Deputación de Lugo transfere cada ano o 20% do seu Orzamento aos 67 concellos da provincia, “segundo criterios públicos e obxectivos, e cun respecto máximo á autonomía municipal, pois son os propios concellos os que deciden libremente a que fins destinan os recursos económicos que reciben”. Ademais, este Goberno introduciu medidas para que os concellos poidan aproveitar mellor os fondos.

Xunto aos recursos económicos, a Deputación de Lugo ofrece asistencia técnica a todos os concellos que así o requiren en materia xurídica, urbanística, en xestión e cobro de impostos municipais, en recursos humanos ou en formación, entre outras cuestións, co que aforran miles de euros e gañan eficacia.

O presidente anunciou que, de



para ao ano 2024, ademais de manter as 9 residencias en servizo, o que supón un investimento duns 6M€, “continuaremos traballando noutros 9 proxectos, para completar así os 18 compromisos adquiridos pola institución cos concellos”. Concretou que están en obras as residencias de Guitiriz e da Pontenova, que, avanzou, se abrirán neste mandato; recentemente firmouse o contrato para iniciar a construción do centro da Pobra do Brollón, e avanzan os proxectos de Becerreá, Ourol, Cervantes, Pantón, Portomarín e Folgoso do Courel.

O presidente destacou o financiamento do Servizo de Axuda no Fogar por parte da Deputación nos municipios de menos de 20.000 habitantes da provincia -todos menos a capital-, atendendo ás necesidades dos propios concellos”.

No ámbito das políticas sociais, José Tomé destacou que no vindeiro ano 2024 “avanzaremos nun proxecto moi importante para a provincia en colaboración co Goberno de España”, como é a cons-

trucción dun Centro de Acolida de Protección Internacional nas instalacións do antigo Hospital de San Rafael, en Castro de Rei, propiedade da Deputación de Lugo.

Entre outras medidas en materia social de cara ao 2024, o presidente destacou E Para Vivir... a Provincia de Lugo, un plan de acción con medidas específicas fronte ao reto demográfico, para ofrecer un apoio integral ás persoas que decidan trasladarse a vivir a concellos de menos de 5.000 habitantes.

Como “factor clave para o equilibrio territorial e, polo tanto, para fixar poboación”, José Tomé expuxo que a mobilidade é outras das liñas estratéxicas dos Orzamentos 2024 da Deputación. Dedicalle o 30% dos recursos, entre as actuacións na rede viaria provincial e a cooperación cos concellos para a mellora das estradas municipais.

Avanzou que seguirá “reivindicando a necesidade de racionalizar esta situación” e que a administración autonómica asuma a titularidade de estradas de características claramente autonómicas.

Esixe ao Goberno galego un plan autonómico de loita contra a velutina



A Deputación de Lugo esixe á Xunta de Galicia que actúe xa e active un plan autonómico de control da velutina, así como unha liña de axudas para compensar aos apicultores e outros produtores do sector primario afectados, e frear o grave impacto que está ocasionando esta especie invasora. O Goberno provincial sacou desta forma adiante a súa proposta para reclamar ao Executivo autonómico medidas para paliar a expansión dos avespeiros, como están facendo outras comunidades autónomas como Asturias, Navarra ou Illas Baleares. O PSdeG e do BNG votaron a favor, mentres que o PP votou dividido: 10 abstencións e 2 en contra.

A voceira socialista do Goberno provincial e Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, explicou que a “crise da velutina é unha crise xerada durante os mandatos do PP na Xunta e, neste caso, non poden aludir nin a herdanzas recibidas, nin ao tipo de escusas

que empregan habitualmente para agochar a súa mala xestión”. Cronoloxicamente, concretou, a expansión da velutina en Galicia coincide cos anos de Goberno do PP na Xunta, “polo que é un fracaso das súas políticas no rural, pois non potenciou nin medidas globais ou integrais, nin implicou ao sistema investigador nin ás universidades para trata de combater esta auténtica praga que ameaza ás persoas e máis ás actividades agrarias”.

A institución provincial insta a que este plan se faga dun xeito semellante ao feito en comunidades como Asturias, Navarra ou Illas Baleares, onde se recolla a avaliación e expansión dos avespeiros por zonas ou comarcas. Así mesmo, solicita que, mentres se elabora este plan, se incremente o persoal do Seaga destinado a loitar contra a velutina e se revisen os protocolos de retirada dos avespeiros, mellorando a atención das denuncias e incidencias notificadas e o tempo de resposta na retirada de niños.

MARMOLES VILARIO

ESPECIALISTAS EN

- PIEDRA NATURAL
- PORCELÁNICOS Y CUARZOS *
- ENCIMERAS DE VANGUARDIA
- GRABACIONES EN PIEDRA
- MOLDURADOS

*De las más prestigiosas marcas del mercado

Políg. Ind. Balmao - Betote, S/N
27617 - Sarria (Lugo)

Tel. 982 532 577 - Fax 982 532 577

marmolesvilario@hotmail.com

www.marmolesvilario.com

maderas grandas

MADERAS Y DERIVADOS
PUERTAS
ARMARIOS
COCINAS Y COMPLEMENTOS
TABLEROS Y TARIMAS

San Julián de la Vega s/n, 27614 SARRIA (Lugo)
Tel. 982 533 505 - Fax 982 531 731
www.maderasgrandas.com | info@maderasgrandas.com

DEPORTES

Xa hai datas para a IX edición do Torneo Memorial Pedro Canoa

O IX Torneo Memorial Pedro Canoa de Sarria, organizado polo equipo de fútbol sarriao SD Sarriana, celebrarase os vindeiros 7, 8 e 9 de xuño de 2024 no campo municipal da Ribela.

Durante estes tres días, terán lugar os torneos de fútbol 8 e fútbol 11, divididos nas categorías de prebenxamín, o día 7, en benxamín e alevín o día 8, e en infatil o día 9 de xuño.

Este ano o torneo foi todo un éxito de participación, xa que pasaron polo campo da Ribela arredor de 850 nenos de diferentes locali-



dades para enfrontarse a outros equipos, o que deixou 75 partidos de fútbol na fin de semana.

O Club Xirandela estará no Campionato Nacional de ximnasia

O equipo xuvenil de nivel base do Club Xirandela de Sarria conseguiu unha praza para o Campionato Nacional que terá lugar en Pamplona a finais de novembro deste ano.

Este éxito foi logrado este sábado no Campionato Nacional Fase Autonómica, Campionato Galego Base Conxuntos, que tivo lugar no Complexo Deportivo dos Remedios de Ourense, no que as xirandelas desenvolveron un exercicio que os integrantes do xurado valoraron positivamente.

Desde o Club din estar "orgullosísimas" das deportistas xuvenís da ximnasia rítmica que poderán optar a ser consideradas como as mellores ximnastas de España no vindeiro Campionato Nacional.



A primeira edición do Torneo Torreón de Sarria foi un éxito

A vila de Sarria acolleu o primeiro Torneo Torreón de Sarria organizado polo Club Baloncesto Sarria, no que participaron máis de 250 nenos e nenas de dez clubs participantes de Asturias e Galicia e un total de 20 equipos.

Así, desde o CB Sarria defenden que, "ademais de moito baloncesto, esta experiencia serviu como posta a punto da temporada que nos espera" e na que pretenden seguir sendo un equipo de referencia no baloncesto.

Ademais, sostiveron que "esta primeira edición do torneo foi unha gran experiencia, polo que queremos agradecer a todas as persoas que participaron, pero tamén aos que colaboraron e ao numeroso público que se achegou aos pavilións para desfrutar do baloncesto", concluíu a presidenta do CB Sarria, Chus Arias.

Arredor de 700 persoas participaron na Pretorian Race Sarria

Sarria acolleu a súa carreira de obstáculos e resistencia baixo o nome de 'Pretorian Race Sarria Extreme', na que participaron arredor de 700 persoas de forma individual e en equipo.

Así, os participantes tiveron que probar as súas capacidades para deixar atrás 35 obstáculos repartidos por toda a vila, xa que saíron desde o campo de rugby de Sarria e percorreron un tramo urbano da ruta Xacobeá, A Ribela, e varios camiños e leiras, desafiando tamén a súa resistencia.

Tanto o Goberno local como os partidos políticos da Cor-



poración Municipal destacan este evento como "un bo escaparate para Sarria" e un evento deportivo con moito arraigo na sociedade sarriá.

Todos en marcha

Por Adrián Fernández

Como xa dixéramos, durante o mes de outubro comezarían o resto de categorías e xa chegaron os primeiros encontros e as primeiras vitorias. Os que xa estaban a competir eran os do Sénior masculino que, con dúas derrotas consecutivas (Narón e Calvo Artai) e unha vitoria en Santiago ante Galogrin deixan ao equipo na sétima posición cun balance de 2-3. O Sénior feminino comezaría algo mellor, pese a derrota no primeiro partido en Lugo ante o Sagrado Corazón, chegarían despois dúas vitorias seguidas que as deixan terceiras con 2-1.

Os seguintes en saltar ao parque, foron os equipos Junior, tanto masculino coma feminino, que teñen un longo calendario ata final de ano; ambos os dous comezaron ben, as chicas levan catro de catro e tres delas con moita facilidade, o que as deixa na primeira posición con 4-0, mentres que os mozos só cederon

no debut contra Cidade para despois gañar os tres seguintes e así quedar na terceira posición cun 3-1 de balance.

Na categoría Cadete o Sarria masculino comezaría o 14 de outubro gañando na casa ao Estudiantes, despois perdería en Lugo ante Ensino e volvería a gañar a Estudiantes o día de todos os santos, rematando así 1º do grupo A con 2-1, pola súa contra, o equipo feminino xogaría o primeiro encontro unha semana despois perdendo na casa con Cidade de Lugo e cerraría o mes perdendo tamén en Lugo contra Ensino o que as deixa con 0-2 e cuartas no grupo B.

Xa na última semana do mes chegaría a quenda para as categorías Infantil, Pre-Infantil e a 1ª División de Mini Basket. O Infantil feminino comezaría ao grande cerrando marcador ao Ensino 2011 (55-4) no Novo Chanto mentres que o Pre-Infantil masculino tamén gañaría, neste caso fora da casa, concretamente en Ferrol por 62-63. Non correría a mesma sorte o equipo Mini feminino de 1ª división, que tamén xogaban en Ferrol fronte ao BAXI, elas perderían por 66-50 no seu debut nesta tempada.

O resto de categorías empezarán neste mes de novembro, concretamente o fin de semana do 4 e 5 a 2ª división de Minibasket e o fin de semana do 11 e 12 farano os da categoría Premini para así ter xa a todos os xogadores e xogadoras, dende o máis maior ao máis pequeno, desfrutando dunha nova tempada de baloncesto.

PINTOR

PINTURAS - BARNICES
PERSIANAS
PAPEL PINTADO
TARIMA FLOTANTE
659 767 936

HOGAR
CORTINAS - STORES
RIELES
ALFOMBRAS
EDREDONES

C/ Benigno Quiroga,
93-95, bj - 982 533 497
SARRIA (Lugo)

PINTURAS HOGAR
LATAS
tel.: 659 76 79 36

Peluquería
Isolina

Tu peluquería de confianza desde 1987

Avda de Castilla, 19 - Triacastela 617 403 579

As artes marciais destacan na vila

Varios alumnos da AC Taekwondo Sarria conseguiron medallas no Open de Pontevedra, na Copa Xunta e no Open G1 de Croacia

O alumno da Escola de Taekwondo de Sarria, Mateo Fernández, vén de conseguir a medalla de prata no Open de Pontevedra que se celebrou recentemente.

Mateo, que participaba en categoría cadete infantil masculino, competía de maneira individual nunha categoría de 15 participantes. Así, pasou a primeira rolda de 2, e aínda que na final logrou recortar distancias ao primeiro, perdeu por unha diferenza de 0,6 puntos.

O seu adestrador, Álex Losada, valora esta medalla de prata como “moi meritosa, xa que había moito nivel e deportistas que están na selección española”. Ademais, di que “Mateo está a ter unha progresión moi boa, e estamos moi contentos co traballo que está a facer”, sostivo.

Ademais, con esta medalla de prata, Mateo asina oficialmente a primeira medalla do club AC Taekwondo Sarria, “sumando os seus primeiros puntos para clasificación galega e loitas para formar parte da selección galega”, concluíu o campión nacional.

COPA XUNTA. A sarriá Alma e o portomarínense Mateo, ámbolos dous do club AC Taekwondo Sarria, dirixido polo campión Álex Losada, veñen de conseguir a clasificación á fase autonómica na primeira competición do club.

Durante o campionato provincial de Lugo da Copa Xunta de Galicia de Taekwondo, Alma, en categoría infantil, e Mateo, en categoría cadete “fixeron un traballo espectacular”, tal e como defende o seu adestrador, Álex Losada.

Esta fase provincial, que se celebrou en Taboada, deulles paso aos deportistas á seguinte fase autonómica nas súas respectivas



categorías, pasando como os primeiros da provincia de Lugo a esta fase.

OPEN G1 DE CROACIA. Alejandro Losada, máis coñecido como Álex Camba, vén de conseguir o bronce no Open G1 de Croacia que tivo lugar este fin de semana en Zagreb despois de gañar tres rondas contra Bulgaria, República Checa e Croacia “con gran solvencia”, defende o deportista.

Así, perdeu en semifinais contra o

actual campión do torneo, co que tivo “unha pequena diferenza”, pero reconece que era moi bo. A pesar de ter quedado bronce, Álex di que “a pesar diso, bastante ben”. Por outra parte, na categoría por equipos, xunto cos seus compañeiros Carlos e Daniel, conseguiron o ouro que “nos deixa moi boas sensacións de cara ao Campionato Europeo que terá lugar en novembro. “Gañamos con solvencia e seguridade, polo que estamos moi contentos”, sostivo.

A XI Ruta 4x4 da Comarca de Sarria será do 17 ao 19

O venres 17 comeza a décimo primeira edición da Ruta 4x4 da Comarca de Sarria, que se celebrará ata o vindeiro domingo 19. O programa inaugúrase ás 21.00 horas cuns pinchos de benvinda na terraza O Meigallo. Ás 22.00 horas será a saída nocturna polos arredores da vila.

O programa do sábado comeza ás 8.00 horas coa entrega da documentación na terraza O Meigallo. A ruta será a partir das 8.30 horas, pois os asistentes poderán gozar do xantar no pavillón de Triacastela a partir das 14.00 horas. Ás 19.00 horas darase por terminada a ruta

e ás 21.30 terá lugar a cea de gala no restaurante Cinza e Lume.

O domingo 19 terá lugar un almuerzo no polígono do Morelle ás 9.00 horas, media hora despois Terán lugar as probas de habilidade. O xantar será de novo na terraza O Meigallo ás 15.00 horas. A partir das 16.30 horas comezará a entrega dos trofeos.

Os interesados na cita, que conta coa colaboración do Concello, teñen que realizar a súa inscrición a través da web. Os vehículos admitidos son todoterreos, quads, buggies e motos que teñan a documentación en regra.

Decenas de persoas participaron na II Carreira Popular Paradela



A II Carreira Popular Paradela congregou persoas participantes de todas as idades, desde o máis novo ata o máis veterano, que “foron todo un exemplo a seguir de superación e constancia, proba do interese e do entusiasmo dos corredores de todas as idades en esta festiva e deportiva xornada”, sostiveron desde o Concello de Paradela.

Por iso, desde o Goberno local quixeron agradecer a todas as persoas participantes a “súa aportación nes-

ta xornada deportiva e pasada por auga”, xa que a pesar do mal tempo, foron decenas de persoas as que participaron.

A II Carreira Popular de Paradela desenvolveuse no marco do IX Circuito Miño Ulloa de Carreiras Populares, unha iniciativa Turístico-Deportiva consistente nun circuito de carreiras con criterios de homoxeneidade co obxectivo de fidelizar un mesmo tipo de público e de estimular sobre todo a participación.



INVISTE EN PARADELA

FAI REALIDADE O TEU PROXECTO: VIVEIRO DE EMPRESAS E POLÍGONO INDUSTRIAL.

20

ANOS



DESCUBRINDO O PATRIMONIO

Igrexa de Santa María de Albán de Sarria

Esta edificación parroquial foi construída a mediados do século XII en estilo románico

A Igrexa de Santa María de Albán de Sarria é un dos máis importantes recursos patrimoniais da comarca e o municipio de Sarria, localizada ao sur de Sarria, na estrada local de Lamarrigueira a Cedrón (Piñeira).

Esta construción, que data do século XII, en pleno esplendor románico, estudada polo eclesiástico e escritor galego nado en Sarria Francisco Vázquez Saco, pero tamén por Elías Valiña Sampedro, coñecido como o cura do Cebreiro, e por Xaime Delgado Gómez, clérigo de Taboada e tamén escritor de diferentes libros. Este templo, ademais, está incluído dentro da nómina de posesións do Mosteiro de San Julián de Samos.

A Igrexa foi concibida seguindo un esquema de nave única e cabeceira cuadrangular, un recurso propio do románico primitivo do rural galego, a pesar de ser de cronoloxía tardía e contemporánea ás súas veciñas e que foi sometida a reformas posteriores.

MÁIS ELEMENTOS. A igrexa ten unha nave cuberta a dúas augas e destaca a súa portada principal con arco de medio punto, de dúas arquivoltas en aresta, abrazadas por una moldura saínte de perfil, un interior con billetes, á dereita está biselada e á esquerda é de listel e franxa biselada con finos billetes.

A porta ten dúas columnas en cada lado reforzadas e con bases torácicas enriba de plintos



e os seus capiteis teñen unha sinxela ornamentación e con follas e dentes de serra; esquerdos, exterior con tres bolas e catro cordas secantes.

Pola súa parte, o tímpano ten un relevo cruciforme e circular rexistrado nun cadrado e sosti-do por esquemáticas mochetas saíntes con rolos anelados e xambas en aresta, cunha decoración a base dun cuadrilóbulo no que engarza un clipeo circular, elemento similar ao existente na única porta románica sobrevivente da primitiva abadía románica de Samos.

A espadana é sinxela, e conta

cun oco para un pequeno sino, e a ábsida rectangular, que é máis baixa e reducida que a

A Igrexa foi concibida seguindo un esquema de nave única e cabeceira cuadrangular

nave protexida por arco de medio punto, impostas con bólas, capiteis de follas carnosas con froitos.



LATERAIS E RETABLO. Con respecto aos laterais, o norte está cuberto pola sancristía e a porta norte está a alintelada por un tímpano que oculta no interior un arco de medio punto, mochetas saíntes con rolo anelado, xambas en aresta e unha seteira. No seu caso, o lateral sur ten unha seteira e unha pedra saínte, pero tamén hai unha fiestra rectangular posterior, seis modillóns historiados con bolas, rolos e un grande busto dun home sobre o que descansa una cornixa biselada con bolas e un ornato que se estende á parte posterior da ábsida.

Por último, o retablo que hai no interior da igrexa data do século XVII, é dicir, cinco séculos máis adiante que a propia construción da igrexa, e contén diversas imaxes relixiosas, como son a Virxe da Asunción, Santiago Peregrino, San Xosé, o Santo Bispo.

Tamén hai no interior un peto de ánimas unha lámpada de meta sinxela con tres vieiras.

Por último, no exterior, a Igrexa de Santa María de Albán conta cun adro-cemiterio con sepulturas baixas, agás o viaduto de Albán, que introduciu un forte impacto visual.

MADEIRA

SERVICIOS FUNERARIOS

MADEIRA

Funerarias
Tanatorios
Seguros



Desde 1945

Diego Pazos, 34 27600 SARRIA - Lugo
Teléfono y fax 982 53 00 15

funeraria@servimadeira.es www.tanatoriomadeira.es

Pili Madeira
FLORISTERÍA

Calvo Sotelo, 137 Tel. 982 530 015 SARRIA (Lugo)

floristeria@servimadeira.es - www.floristeriamadeira.es

REGALOS & EVENTOS

bicarelo

Calvo Sotelo 122 Bajo Izq - 27600 Sarria - Lugo
Tel.: 982 88 65 85 / 633 22 69 88
info@bicarelo.es